

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 29 DE MAIO DE 2026

Ás 09.56 horas do día 29 de maio de 2026, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Eva María Pérez Gamote

Dona Sherezade Núñez Rodríguez

Dona Susana Rodríguez Rodríguez

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Don Antonio Fernández Martín

Don Francisco Lorenzo López

Deputados Non Adscritos

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2026 (EXP. Nº 2026/5W/PLENO).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de abril de 2026.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 30 de abril de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO DE 2026 (EXP. Nº 2025/13098F).

Dª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de Democracia Ourenzana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente da adopción de medidas coercitivas do artigo 25.1.a) da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, declarándose non dispoñibles os seguintes créditos e procedendo a retelos para a súa non utilización, sendo o estado das aplicacións orzamentarias afectadas o seguinte:

No orzamento do persoal funcionario:

Cod programa	12000	12100	12101	16000
---------------------	--------------	--------------	--------------	--------------

16111	44.088,20 €	28.569,12 €	50.970,93 €	58.716,70 €	
24111	17.749,72 €	9.603,65 €	16.611,52 €	12.990,42 €	
33416	5.349,85 €	1.888,98 €	5.437,66 €		
33417	14.419,69 €	9.603,65 €	15.762,95 €		
33418	5.349,85 €	1.888,98 €	5.437,66 €		
34211	28.839,38 €	19.207,30 €	31.525,90 €	62.466,80 €	
41411	9.711,40 €	7.012,61 €	12.633,77 €		
45311	99.677,85 €	62.506,63 €	131.290,04 €	146.045,17 €	
92001	79.946,33 €	41.828,14 €	81.520,42 €	377.837,93 €	
92013	53.612,04 €	32.574,95 €	61.303,32 €		
92014	33.737,01 €	21.235,98 €	38.725,43 €		
92016	9.711,40 €	5.739,34 €	11.822,10 €		
93111	33.351,07 €	18.194,89 €	35.794,85 €		
93211	37.799,33 €	21.399,24 €	39.503,70 €		
93411	9.711,40 €	5.739,34 €	11.822,10 €		
Total					
Funcionarios	483.054,52 €	286.992,80 €	550.162,35 €	658.057,02 €	1.978.266,69 €

E no orzamento do persoal laboral fixo:

Cod programa	13000	13002	16000	
16201	38.284,42 €	62.545,62 €	55.395,78 €	
17111	9.997,08 €	19.865,12 €		
33211	691,16 €	2.860,00 €		
33412	1.651,85 €	2.941,46 €		
33413	8.287,71 €	15.050,36 €		
33418	15.779,16 €	26.500,56 €		
34211	16.466,84 €	28.650,24 €	68.974,67 €	
41411	45.951,70 €	81.054,38 €		
45011	32.239,03 €	60.942,51 €		
45311	194.005,49 €	337.317,59 €	309.116,85 €	
45312	26.356,01 €	47.387,24 €		
92012	7.544,00 €	11.820,28 €		
Total Laborales	397.254,45 €	696.935,36 €	433.487,30 €	1.527.677,11 €

O que suma un importe total de 3.505.943,80 €, que é a cantidade solicitada.

SEGUNDO. Comuníquese a decisión á Intervención para os efectos oportunos e remítase e remítase ao órgano de tutela financeira da Comunidade Autónoma.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES DE RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS MULTAS POR INFRACCIÓN DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA, ASÍ COMO ÁS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE CIRCULACIÓN DO CONCELLO DA RÚA (EXP. Nº 2026/8459P).

Dª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de A Rúa a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 11 de maio de 2026, das facultades de recadación, en período voluntario e executivo, das débedas correspondentes a multas por infraccións do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e ás ordenanzas municipais de circulación impostas polo concello de A Rúa, nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía voluntaria e en executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Sen prexuízo da colaboración na tramitación por parte da Deputación Provincial de Ourense, corresponde a incoación, instrución e resolución do procedemento sancionador aos órganos administrativos do concello de A Rúa que teñan atribuídas ditas competencias dentro do concello.
- c) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de

poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao ingreso de dereito público ao que se refire.

- d) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- e) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 5/2026 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2026/8480Y).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 5/2025 de modificación das bases de execución do Orzamento vixente da DPOU, do seguinte xeito:

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria celebrada o 30 de abril de 2026, aprobaba inicialmente o expediente de modificación de créditos número 4/2026 dos orzamentos da entidade para o exercicio 2026.

Este expediente publicouse no BOP número 82 de 5 de maio de 2026, rematando o prazo de alegacións o próximo 26 de maio de 2026 ás 24:00 horas.

Neste período de exposición pública, a Alcaldesa do concello de Larouco, detectou un erro no expediente nunha das subvencións nominativas do seu concello.

A subvención para financiar o Plan Camiña (anualidade 2026), por un importe de 4.354,76 euros, impútase no expediente de MC 4/2026 no capítulo IV de gastos. A natureza real obxecto da subvención consiste na execución dunha obra, polo que debe encadrarse no capítulo VII de gastos.

Polo conseguinte, e sendo **este un caso excepcional**, solicítase o cambio de capítulo de gastos do IV (inicialmente aprobado) ao capítulo VII, manténdose inalterado o obxecto e a contía total da axuda, quedando redactada do seguinte xeito,

- Aplicación**

orzamentaria 45012/76299 “ Cooperación provincial. Subv. Nominativas de capital a concellos”

LAROUCO	Plan Camiña (anualidade 2026)	4.354,76 €
---------	-------------------------------	------------

Segundo.- Esta Presidencia acorda darlle unha nova redacción ás **Bases de execución número 13^a (auméntase a última liña do cadro) e 15^a (cambios nas datas dos RC)** do orzamento vixente, quedando do seguinte xeito,

BASE 13^a.- CRÉDITOS AMPLIABLES

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, agás os procedentes de operacións de crédito.

As partidas do orzamento de gastos, que de seguido se relacionan, teñen a consideración de ampliables.

Aplicacións orzamentarias	Recursos afectados
33419/22609- Teatro principal: actividades culturais	34400- Teatro principal: prezos públicos por espectáculos
33420/48901- Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias. Plan Tarazona.	34403- Prezos públicos. Bandas e charangas
34211/22608- Pazo dos Deportes "Paco Paz": actividades deportivas	34401- Pazo dos Deportes: prezos públicos por espectáculos
92001/22605- Secretaría Xeral. Indemnizacións patrimoniais	39903- Indemnizacións danos compañías
31331/62702- Plano Ourense provincia Termal. Termalismo	34301- Prezos Públicos. Servizo de Ecobarcos

A ampliación de crédito producirase en función da efectividade dos recursos afectados.

A aprobación correspóndelle ao presidente da Deputación, previo informe da Intervención Xeral.

Base 15ª .- FASES E PROCEDEMENTO DA XESTIÓN DO GASTO.

Onde di “ *Salvo casos excepcionais, non se admitirán novas solicitudes de retención de créditos a partires do 1 de decembro do ano en curso*”, debe dicir “ :

Salvo en supostos excepcionais **debidamente xustificados**, NON se admitiran nova solicitudes de retención de crédito (RC) , a partir das seguintes datas:

- **15 de setembro**, para os expedientes de contratación tramitados conforme a calquera dos procedementos de adxudicación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como para os acordos marco, sistemas dinámicos de adquisición e demais instrumentos de racionalización técnica da contratación pública.
- **15 de novembro**, para os expedientes de contratación tramitados mediante contrato menor, conforme ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Pola Intervención infórmase favorablemente a modificación das Bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, por non supoñer alteracións de carácter cuantitativo no orzamento vixente.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO PARA O EXERCICIO 2026 (EXP. Nº 2026/5938V).

A Presidencia sinala que, por acordo dos grupos, se realizará debate conxunto dos puntos 5, 6, 7 e 8 da orde do día desta sesión.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourenzana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico para o exercicio 2026, co seguinte teor literal:

I.- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria

Constitúe o obxecto deste Programa: BenOurense SAF básico, a regulación da concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Este programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O presente programa estrutúrase en dúas accións:

1º) *Acción 1. Dixitalización do SAF-* Asistencia económica co obxecto de facilitar ás entidades locais a xestión dixitalizada do SAF a través dunha ferramenta informática contratada pola entidade local.

2º) *Acción 2. Cofinanciamento do SAF Básico.* - Asistencia económica para o cofinanciamento da prestación do servizo de axuda no fogar básico - SAF básico.

Para a concesión destas axudas resérvase un crédito, dentro da aplicación orzamentaria 23111 46200 de 1.550.000,00€.

II.- Beneficiarios

Acción 1. Dixitalización do SAF. Serán beneficiarias as entidades locais, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF, e que xestionen xa ou decidan xestionar dixitalmente o SAF facendo uso dunha ferramenta informática contratada pola entidade local. Para que esta dixitalización sexa subvencionable, a ferramenta informática contratada terá que ofrecer, como mínimo, as prestacións recollidas no anexo I destas bases.

Serán subvencionables os gastos derivados da prestación deste servizo/subministración e que se recollan na/s factura/s emitidas ás entidades locais pola empresa responsable da prestación do devandito servizo/subministración, de acordo ao establecido na base III.1.

Acción 2. Cofinanciamento do SAF Básico. A Deputación poderá recoñecerlles subvención a través deste Programa, en atención ao disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, ás entidades locais da provincia de Ourense

de menos de 20.000 habitantes, que presten o servizo de axuda no fogar básico- SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo ou a combinación de ambos.

Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que recoñecesen o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía privado e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou o devandito programa non contemple ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais, sexa necesario para a persoa usuaria, podendo xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás ditas persoas beneficiarias.

III. - Contías das subvencións.

1. Acción 1: Dixitalización do SAF

A contía económica recoñecerase por entidade local adherida a esta liña de subvención que preste servizo de SAF Básico está destinada á dixitalización da xestión do servizo de axuda no fogar, que se establecerá conforme aos seguintes criterios:

1.1 O importe máximo destinado a esta liña de subvención será de 205.000,00 €, que se repartirá entre todas as entidades locais adheridas e que así o manifesten no documento de adhesión segundo o modelo facilitado pola Deputación de Ourense.

A contía máxima resultante non poderá ser superior a 2.500,00 € para as entidades locais de menos de 5.000 habitantes, e de 3.500,00 € para as entidades locais de 5.000 habitantes ou máis, sen prexuízo do previsto na base III 2.2 c). No caso de entidades que presten o servizo de SAF básico de forma mancomunada será a mancomunidade a que se teña en conta para a contía máxima prevista.

1.2. Finalizado o período de formalización da adhesión, unha vez feito a reparto económica e recoñecéndolles as contías ás entidades locais solicitantes ata os importes máximos establecidos anteriormente, a contía sobrante incorporarase á Acción 2: Cofinanciamento do SAF básico, e será repartido conforme os criterios recollidos no apartado III.2.1.c)

1.3. A contía máxima prevista para cada entidade local queda condicionada, en todo caso, á contía xustificada para a prestación do servizo/subministración de dixitalización á data de xustificación desta subvención.

No caso daquelas entidades locais que se adhiran a esta Acción 1 e xustifiquen gastos nesta liña de subvención, pero non consuman a totalidade da subvención máxima recoñecida, o importe non xustifico incrementaráse de forma automática á contía recoñecida para a Acción

2. Acción 2: Cofinanciamento da prestación do SAF básico:

2.1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo lineal: asígnase a cada entidade local unha contía fixa de 1.500,00 €.

b) Tramo fixo reto demográfico: asignase un tramo fixo segundo o grao no que estea clasificado o concello adherido en atención “á prioridade demográfica”, tal e como establecen os criterios recolleitos no Anexo II. Os concellos aparecen clasificados por graos no Anexo III e as contías asignadas deste tramo fixo son as seguintes:

- Concellos clasificados como “sen prioridade”: 2.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 1: 3.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 2: 3.500,00 €
- Concellos clasificados como grao 3: 4.000,00 €

c) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase o rateo de cobertura por habitante recolleito no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible – despois de restarlle o importe total destinado aos tramos fixos-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

c.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitante: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.
- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

c.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.
- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

c.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como Anexo IV do presente Programa.

No caso daquelas entidades locais que se adhiran a esta Acción 2 e que despois de xustificar os gastos nesta liña de subvención segundo o previsto na base “xustificación e pago” (base VI), non consuman a totalidade da subvención máxima recoñecida, poderán destinar un importe máximo do 35% da subvención recoñecida ao custo laboral do equipo técnico e/ou administrativo de axuda no fogar e/ou custos de material funxible coherente co servizo, sempre que no ano 2026 se manteña, como mínimo, o 80% das horas de prestación de servizo no fogar prestadas durante o ano 2025 en base ás horas prestadas para o período xaneiro-décembro 2025, ambos os incluídos.

Para poder xustificar esta porcentaxe con cargo a persoal, este deberá ter vinculación directa na planificación, coordinación e/ou xestión do servizo de axuda no fogar.

IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao amparo do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente

mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlles a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía/ Presidencia (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigacións e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que poñerá á súa disposición a Deputación.

O modelo normalizado porase a disposición pola Deputación e nel recóllese a certificación da alcaldía/presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas ao concello para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión declarasen o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán o importe total asignado ao resto dos concellos segundo as normas de repartición recollidas nas bases III.2.1. c) e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no Anexo IV destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigacións previstas neste programa.

V.- Custo de referencia (CR)

Coa finalidade de garantir unha aplicación homoxénea, obxectiva e verificable, a Deputación provincial establece un CUSTO DE REFERENCIA (CR) que afectará unicamente a aquelas entidades que presten o servizo de forma directa, parcial ou totalmente.

Trátase do prezo de hora por servizo de axuda no fogar que actúa como parámetro técnico de control económico aos únicos efectos de xustificación da subvención concedida. Non é unha tarifa que limite a autonomía organizativa das entidades locais prestadoras do SAF.

El CR obtense do custo realista de prestación do servizo por baixo do que resulta improbable a viabilidade da prestación do servizo, a partir da análise dos custos reais de prestación do servizo correspondentes ao exercicio 2025, achegados polas entidades locais da provincia no marco das xustificacións económicas do SAF básico.

En particular, tómase como referencia a mediana do custo/hora declarados despois de descontarlle o copagamento realizado pola persoa que recibe o servizo, ao considerarse este indicador o máis acomodado para reflectir un valor representativo e forte, evitando distorsión derivadas de valores extremos.

Este enfoque garante que o CR sitúese nun nivel realista, sostible e coherente coas condicións efectivas de prestación do servizo, integrando tanto os custos laborais directos como os custos indirectos e estruturais asociados.

En consecuencia, para o exercicio 2026, establécese un CUSTOS DE REFERENCIA (CR) de 19,00 € por hora de servizo de axuda no fogar prestado.

VI.- Xustificación e pago

As subvencións previstas neste programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base VI, procedéndose á súa xustificación e pago nos seguintes termos:

1. Pago anticipado á conta da xustificación final:

Antes de 30 de agosto de 2026, a Deputación Provincial procederá, sempre e cando a entidade beneficiaria así o solicitase a través do documento de adhesión inicial, ao libramento, en concepto de anticipo, do 80% do importe total de subvención previsto a cada entidade local. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases, ou no seu caso o importe que resulte xustificando e sempre co límite máximo da contía prevista na resolución.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo V que poñen ao dispor a Deputación de Ourense.

2. Xustificación e pago final.

Ata o 30 de novembro de 2026, as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da/s subvención/s concedido/s asinado dixitalmente e segundo os formularios facilitados

pola área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

2.1 Xustificación Acción 1: Dixitalización do SAF.

No caso da xustificación da dixitalización do SAF poderase incluír:

- Os gastos efectuados correspondentes ás facturas emitidas pola mercantil prestadora do servizo/subministración de dixitalización, a día 31 de outubro de 2026.
- No caso de que o importe anterior non xustifique a contía concedida nesta Acción 1, poderanse achegar os gastos comprometidos coa mercantil prestadora do servizo/subministración ata decembro do ano 2026.

2.2. Xustificación Acción 2: Cofinanciamento do SAF básico.

2.2.1. Xustificación no caso de prestación directa do servizo. “Xustificación simplificada”.

A través do MODELO NORMALIZADO, que deberá ser asinado polo órgano que teña encomendada a secretaria-intervención da entidade, certificará:

- Os gastos efectuados do SAF básico ata o 31 de outubro de 2026 calculados segundo o CR (base IV). O importe que constará será aquel que resulte de multiplicar o número de horas de SAF básico prestado polo **CR** (custo de referencia/hora descontado o copagamento hora)
- No caso de que o custo resultante do anterior non sexa igual ou superior á subvención concedida, poderase xustificar os gastos comprometidos para os meses de novembro e decembro de 2026, calculados de igual xeito, isto é: número de horas previstas para os meses de novembro e decembro por CR. (custo de referencia/hora descontado o copagamento hora)

Só no caso de que estes dous resultados, sumados entre si, non resulten iguais ou superiores á subvención concedida, a entidade local realizar unha imputación de, como máximo o 35% do importe total da subvención concedida, en custos laborais do persoal afecto a xestión do SAF para o que deberá cumprir a condición de garantir no ano 2026 un servizo cun número de horas igual ou superior ao 80% das horas prestadas no período xaneiro-decembro de 2025, ambos os incluídos, ou en gastos gastos de material funxible (luvas, máscaras, material desinfectante etc.).

Este sistema de xustificación baséase na aplicación de módulos ou custos de referencia, ao amparo do disposto no artigo 67 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, considerándose o Custo de Referencia como módulo económico representativo do custo real do servizo.

No caso daquelas entidades prestadoras do SAF básico que teñan dixitalizada a xestión do servizo e que conten cunha plataforma dixital que lles permita a transferencia de datos anonimizados á Deputación de Ourense poderán automatizar a transferencia.

2.2.2. Xustificación no caso de prestación indirecta do servizo:

No caso de prestación indirecta do SAF, utilizarase igualmente o MODELO NORMALIZADO, que certificará o importe da factura emitida pola entidade adxudicataria do servizo referido ao custo do SAF básico correspondente ao período xaneiro-outubro de 2026, ambos os incluídos.

No caso de que o importe facturado para estes meses resulte inferior á subvención recoñecida á entidade, esta indicará, no modelo normalizado, a contía concreta que pode xustificar neste concepto (factura) e, neste caso, poderá xustificar os gastos comprometidos para os meses de novembro e decembro de 2026.

Só no caso de que ambos os dúas contía non sexan iguais ou superiores á subvención concedida, poderase facer uso da imputación de, como máximo o 35% para costs laborais do persoal afecto a xestión do SAF sempre que cumpra a condición de garantir no ano 2026 un servizo cun número de horas igual ou superior ao 80% das horas prestadas no período xaneiro-decembro de 2025, ambos os incluídos, ou gastos de material funxible (luvas, máscaras, material desinfectante etc.).

En ambos os casos, ademais presentárase:

- a) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións,
- b) Actualización á Declaración responsable de subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade xa achegadas na fase de solicitude
- c) Achegaranse, xunto cos formularios, as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base XI (fotografía cartel, capturas páxina web...).

As certificacións que teñen que achegarse deberá estar asinadas polos responsables da secretaría/intervención, e estarán referidos a anualidade 2026 obxecto desta convocatoria.

As notificacións das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pago anticipado e de xustificación e pago final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao amparo do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos emendables na documentación de xustificación, poñeráse en coñecemento do beneficiario concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

A contía máxima inicial prevista por entidade local, e que aparece recollida no anexo IV deste programa, ou en todo caso, a contía da subvención concedida que conste na correspondente resolución, queda condicionada á súa xustificación segundo o xa descrito. A contía xustificada e/ou comprometida que se tomará de referencia será aquela que resulte despois de descontarse o copagamento da hora que se lle atribúe a cada titular.

VII.- Réxime xurídico

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no

presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da devandita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo V que poñen ao dispor a Deputación de Ourense.

VIII.- Obrigacións de reintegro e perda do dereito á cobro

A Deputación Provincial poderá declarar a obrigación de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos no que o importe do gasto xustificado (correspondente ao custo neto do SAF básico e á contía para dixitalización) polas entidades locais beneficiarias sexa inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas neste programa. Neste suposto, a cantidade que deberá abonarse axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, no seu caso.

IX. Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

X.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos privados achegados polos solicitantes fundaméntase no disposto no apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos privados e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos privados e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conforme o indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa para facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos privados e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo prevese na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial

www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos desde a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os sos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo sempre e cando os datos de identidade privado dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade dos devanditos datos para o cumprimento das obrigacións legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade dos devanditos datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos as terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adjudicación

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao amparo do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na devandita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos privados a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, no seu caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos devanditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos privados ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos privados requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso procederase á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís privados cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

XI. Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigacións de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo do exercicio 2026. O control financeiro incluirá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación

dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade coa base 83 do orzamento xeral para o ano 2026 da Deputación Provincial de Ourense.

XII.- Obrigacións das entidades locais adheridas:

Con independencia da obrigación de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa para facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu amparo, ou ao reintegro ou perda parcial dos devanditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Esta obrigación implica que aquelas entidades locais que xestionen o servizo mediante ferramentas dixitais que permitan a anonimización dos datos autorizan expresamente á Deputación Provincial de Ourense para a consulta directa, limitada e exclusivamente para os efectos de comprobación e control da subvención, da información necesaria para a verificación da xustificación presentada, a través de sistemas dixitais que permitan a interoperabilidade e interacción entre os sistemas de información da Deputación de Ourense e os da entidade local, garantindo en todo caso a confidencialidade, seguridade e integridade dos datos, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos privados.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, desde o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como co financiado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigacións de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito á cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20% da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obrigación de reintegro ou da perda do dereito á cobro da subvención será realizada por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I

PRESTACIÓNS MÍNIMAS DA FERRAMENTA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DO SAF

A ferramenta informática contratada pola entidade local beneficiaria de subvención polo Programa BenOurense SAF Básico 2026, deberá ofrecer como mínimo as seguintes prestacións:

1. Necesidades básicas do persoal técnico municipal xestor do SAF e procesos de transformación dixital.
 - 1.1. Xestión electrónica dos documentos técnicos do SAF.
 - 1.2. Elaboración automatizada dos documentos do Plan de Intervención.
 - 1.3. Xestión da lista de espera do Servizo.
 - 1.4. Xeración e arquivo dos informes de seguimento das persoas beneficiarias.
 - 1.5. Xeración automática dos informes de incidentes relacionados coa execución do servizo.
 - 1.6. Elaboración telemática de Memorias de xestión.
 - 1.7. Xestión e almacenamento electrónico dos documentos técnicos do SAF.
2. Xestión telemática e control dos/as auxiliares de axuda no fogar.
 - 2.1. Control de asistencia dos/as auxiliares de axuda no fogar.
 - 2.2. Exportación do ficheiro de rexistro da xornada laboral.
 - 2.3. Análise automática das discrepancias entre os tempos de servizo previstos e os tempos realizados.
 - 2.4. Xeración automatizada de axendas de traballo semanais/mensuais e actualizacións de horarios.
 - 2.5. Cómputo mecánico das horas traballadas polos/as auxiliares, tendo en conta a asignación de servizos, coberturas, IT...
 - 2.6. Control da execución do SAF con empresa prestataria (xestión indirecta).
3. Xestión financeira do SAF.
 - 3.1. Realización automática do cálculo do copagamento mensual.
 - 3.2. Emisión automatizada de recibos de copagamento aos beneficiarios do SAF. Xeración de remesas bancarias e emisión de ficheiros.
 - 3.3. Configuración automatizada de cartas para o envío de comunicacións/recibos.
 - 3.4. Xeración de informes de custos económicos do SAF.
4. Explotación de datos para o control do SAF
 - 4.1. Xeración automática de informes de datos da prestación de servizo, segundo parámetros demandados pola entidade local.
 - 4.2. Xeración automática de listaxes para a elaboración de Memorias de Xestión.
 - 4.3. Xestión da posibilidade de xerar, archivar, consultar e exportar todo tipo de listaxes e expedientes para a xustificación anual das distintas subvencións e/ou organismos.
 - 4.4. Repositorio/ arquivo documental.

ANEXO II

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que “*a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como*

tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, conleva a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”.

O citado documento enumera as “catro figuras” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico	https://publicaciones.transportes.gob.es/downloadcustom/sample/3681	Diciembre de 2024

	das áreas urbanas de España do ministerio do Interior		
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025
Variación da poboación (2014-2024)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Población INE 2024- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del INE para población y del IGE para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&p	Elaboración Propia con datos de Población de 2022 (publicados el 11/12/2025, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2021-2022-2023 y 2024 que son los definitivos a 01-01-2025

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumbran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2025” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.

- Ter máis de 10.000 habitantes.

- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademáis, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.

- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2025.

2.- Situación Xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2014-2024.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2024.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2024

- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2024.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2024

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2022¹-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de Natalidade.

Esta taxa obtérase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1.000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2022,2023,2024², en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

¹ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

² Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos Con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO III

CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO

	CONCELLO	2026 CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	Sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	Sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	Grao 1
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballada de Avia	Grao 2

18	Carballeda de Valdeorras	Grao 1
19	Carballiño, O	Grao 1
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Sen prioridade
25	Cenlle	Grao 1
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	Grao 1
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 1
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2
38	Lobeira	Grao 2
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1

50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	Grao 1
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar	Sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 1
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 3
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 1
71	San Cibrao das Viñas	Sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 2
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 2

82	Verín	Grao 1
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 2
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 1
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 3

ANEXO IV
CONTÍAS INICIAIS SAF BÁSICO 2026

	CONCELLO	2026 REPARTO INICIAL CONTÍA TOTAL
1	Allariz	32.612,16
2	Amoeiro	15.446,75
3	Arnoia, A	8.752,34
4	Avión	12.702,60
5	Baltar	9.304,25
6	Bande	20.264,80
7	Baños de Molgas	11.591,35
8	Barbadás	25.458,19
9	Barco de Valdeorras, O	46.430,12
10	Beade	7.126,55
11	Beariz	9.537,26
12	Blancos, Os	8.618,68
13	Boborás	14.710,03
14	Bola, A	10.103,70
15	Bolo, O	9.035,40
16	Calvos de Randín	8.412,56

17	Carballeda de Avia	10.251,57
18	Carballeda de Valdeorras	10.374,41
19	Carballiño, O	49.193,47
20	Cartelle	16.049,81
21	Castrelo de Miño	10.775,83
22	Castrelo do Val	9.743,38
23	Castro Caldelas	18.006,45
24	Celanova	29.143,98
25	Cenlle	9.276,60
26	Chandrexa de Queixa	10.382,65
27	Coles	18.964,22
28	Cortegada	9.601,85
29	Cualedro	11.891,57
30	Entrimo	16.427,69
31	Esgos	9.442,39
32	Gomesende	8.394,64
33	Gudiña, A	17.015,05
34	Irixo, O	11.004,36
35	Larouco	7.668,74
36	Laza	10.179,88
37	Leiro	11.797,47
38	Lobeira	12.350,11
39	Lobios	23.568,69
40	Maceda	17.378,00
41	Manzaneda	13.519,25
42	Maside	16.903,03
43	Melón	9.834,85
44	Merca, A	13.291,45
45	Mezquita, A	15.413,52
46	Montederramo	12.400,53
47	Monterrei	15.767,51
48	Muíños	19.480,65

49	Nogueira de Ramuín	13.793,31
50	Oímbra	12.068,18
51	Ourense	0
52	Paderne de Allariz	10.531,24
53	Padrenda	11.967,74
54	Parada de Sil	10.727,67
55	Pereiro de Aguiar	33.942,98
56	Peroxa, A	12.534,19
57	Petín	8.835,62
58	Piñor	9.442,39
59	Pobra de Trives, A	24.668,36
60	Pontedeva	7.552,23
61	Porqueira	9.111,58
62	Punxín	7.851,69
63	Quintela de Leirado	8.130,27
64	Rairiz de Veiga	10.170,92
65	Ramirás	11.654,08
66	Ribadavia	26.433,82
67	Riós	11.179,11
68	Rúa, A	23.382,35
69	Rubiá	11.232,88
70	San Amaro	9.115,29
71	San Cibrao das Viñas	16.384,72
72	San Cristovo de Cea	13.795,93
73	San Xoán de Río	10.832,23
74	Sandiás	9.366,22
75	Sarreaus	9.785,56
76	Taboadela	11.131,68
77	Teixeira, A	8.429,35
78	Toén	9.713,48
79	Trasmiras	10.448,73
80	Veiga, A	9.411,79

81	Verea	9.364,36
82	Verín	48.274,44
83	Viana do Bolo	33.386,26
84	Vilamarín	12.726,86
85	Vilamartín de Valdeorras	13.141,73
86	Vilar de Barrio	10.278,46
87	Vilar de Santos	8.513,00
88	Vilardevos	12.241,07
89	Vilariño de Conso	10.738,13
90	Xinzo de Limia	47.959,88
91	Xunqueira de Ambía	10.531,24
92	Xunqueira de Espadanedo	8.618,68
		1.345.000,00

ANEXO V

Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Nome e apelidos.....,
 NIF....., en nome propio, ou en representación da entidade con NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declaro responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que me atopo ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado/a da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, _____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA – PAI PARA O EXERCICIO 2026 (EXPTE Nº 2026/7856A).

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 5º da orde do día cuxas intervencións se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a Puntos de Atención á Infancia- PAI para o exercicio 2026, co seguinte teor literal:

Primeira- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención á Infancia (PAI)”. Para os efectos da presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais comunitarios específicos dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, nais, titores/as e gardadores/as dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do PAI.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026 por importe de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias

Poderán obter subvención os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense, que teñan un PAI de titularidade municipal e que non estean xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

Terceira.- Contía da subvención

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 5.000 habitantes e, por iso, con posibilidade de ter xa en funcionamento un PAI e solicitar a axuda obxecto desta convocatoria, ten unha clasificación en graos obtida pola aplicación dos criterios recollidos no anexo I, sendo o concello clasificado como “sen prioridade” o de menor risco demográfico, o grao 1 de menor risco demográfico que o grao 2, e este menor que o grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en adiante CP), así, para os concellos en grao 0 e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e o CP que lle corresponde a cada un.
- b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividírase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.

c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- *Sumatorio dos CP de todos os concellos solicitantes = “C”*
- *División da contía total da subvención: 150.000,00 / “C” = “R”.*

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

CP da entidade solicitante x “R” = subvención que lle corresponde.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro

As subvencións previstas neste programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de agosto de 2026, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

1. Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2026 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2026, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

- a. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
- b. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.

- c. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.
- d. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- e. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2026, obxecto da presente convocatoria.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos subsanables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

Oitava.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico:

gabinete.presidencia@depourense.gal.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica .

d) As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

e) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto

que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

f) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

l) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

m) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

n) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

o) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

p) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

q) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo do exercicio 2026. O control financeiro incluírá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade co disposto na base 83 do orzamento xeral para o ano 2026 da Deputación Provincial de Ourense.

Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que “*a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, conleva a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción*”.

O citado documento enumera as “*catro figuras*” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://publicaciones.transportes.gob.es/downloadcustom/sample/3681	Diciembre de 2024
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025
Variación da poboación (2014-2024)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Población INE 2024- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del INE para población y del IGE para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&p	Elaboración Propia con datos de Población de 2022 (publicados el 11/12/2025, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2021-2022-2023 y 2024 que son los definitivos a 01-01-2025

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2025” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.

- Ter máis de 10.000 habitantes.

- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.

- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2025.

2.- Situación Xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2014-2024.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2024.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2024
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2024.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2024

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km² .
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2022³-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de Natalidade.

Esta taxa obtérase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1.000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2022,2023,2024⁴ ,en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

³ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

⁴ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos Con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II

CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO

	CONCELLO	2026 CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	Sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	Sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	Grao 1
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2

15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 1
19	Carballiño, O	Grao 1
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Sen prioridade
25	Cenlle	Grao 1
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	Grao 1
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 1
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2
38	Lobeira	Grao 2
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3

47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	Grao 1
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar	Sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 1
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 3
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 1
71	San Cibrao das Víñas	Sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 2
78	Toén	Grao 1

79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 2
82	Verín	Grao 1
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 2
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 1
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 3

ANEXO III

Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Nome e apelidos.....,
 NIF....., en nome propio, ou en representación da
 entidade con
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declaro responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que me atopo ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado/a da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

7º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA O EXERCICIO 2026 (EXPTE Nº 2026/7863X).

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 5º da orde do día cuxas intervencións se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2026, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto da subvención.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “BenOurense Infancia- Servizos Complementarios” en réxime de concorrncia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para a prestación dos “Servizos Complementarios de atención á infancia”.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como servizo complementario de atención á infancia, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuindo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario.

Para as subvencións concedidas nesta acción, resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, por importe de 150.000,00€ (cento cincuenta mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias.

Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionado de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante 6 meses ao ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/nais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

- Tamén poderán subvencionarse os servizos complementarios que se poñan en funcionamento para facilitar a conciliación laboral e familiar durante as vacacións escolares dos menores, que deberán prestar servizos 5 días á semana durante, como mínimo 1 mes, e cun horario amplo que permita dita conciliación.

Quedan expresamente excluídos desta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

Terceira.- Contía das subvencións

O importe da subvención obtérase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 20.000 habitantes terase en conta a clasificación, en graos, que lle corresponde segundo os criterios do anexo I e, de forma que os concellos sen prioridade demográfica presentan menor risco demográfico que os de grao 1, este menor risco demográfico que os de grao 2, sendo o de maior risco demográfico os de grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos sen prioridade demográfica e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia e o CP que lle corresponde a cada un.
- b) Obtérase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividírase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.
- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplícase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- *Sumatorio dos CP de todos os concellos solicitantes = “C”*
- *División da contía total da subvención: 150.000,00 / “C” = “R”.*

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

CP da entidade solicitante x “R” = subvención que lle corresponde.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes

tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo

establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de agosto de 2026, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2. Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2026 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2026, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

- a) Memoria da execución do proxecto subvencionado.

- b) Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do/a destinatario/a.
- c) Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e dos copagos das persoas usuarias do servizo.
- d) Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- e) Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2026, obxecto da presente convocatoria.

A subvención concedida xunto cos copagos das persoas usuarias do servizo non poderán superar o 100% do custo do servizo. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos subsanables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán susituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación

poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.

- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica .
- d) As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.
- e) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).
- f) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.
- Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:
- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
 - Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal

de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

r) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

s) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

t) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

u) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

v) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

w) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de

control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo do exercicio 2026. O control financeiro incluírá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade co disposto na base 83 do orzamento xeral para o ano 2026 da Deputación Provincial de Ourense.

Décima.- Obrigas das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

2.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

3.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”,

recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, conleva a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://publicaciones.transportes.gob.es/downloadcustom/sample/3681	Diciembre de 2024
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025
Variación da poboación (2014-2024)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:11/12/2025. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Población INE 2024- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del INE para población y del IGE para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&p	Elaboración Propia con datos de Población de 2022 (publicados el 11/12/2025, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por

--	--

ayuntamientos años
2021-2022-2023 y
2024 que son los
definitivos a 01-01-
2025

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2025” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademáis, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “**con prioridade demográfica**”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “**sen prioridade demográfica**”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.

- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2025.

2.- Situación Xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2014-2024.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2024.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2024
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2024.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2024

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km² .
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2022⁵-, e as

⁵ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de Natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1.000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2022,2023,2024⁶, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.

⁶ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos Con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2024 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II

CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO

	CONCELLO	2026 CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	Sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	Sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	Grao 1
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 1
19	Carballiño, O	Grao 1

20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Sen prioridade
25	Cenlle	Grao 1
26	Chandreja de Queixa	Grao 3
27	Coles	Grao 1
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 1
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2
38	Lobeira	Grao 2
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	Grao 1

52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar	Sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 1
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 3
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 1
71	San Cibrao das Viñas	Sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 2
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 2
82	Verín	Grao 1
83	Viana do Bolo	Grao 2

84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 2
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 1
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 3

ANEXO III

Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Nome e apelidos.....,
 NIF....., en nome propio, ou en representación da
 entidade con
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declaro responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que me atopo ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado/a da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

8º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO PARA O EXERCICIO 2026 (EXPTÉ Nº 2026/7866J).

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 5º da orde do día cuxas intervencións se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2026, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto do programa:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública para a tramitación e concesión de subvencións polo Programa de cooperación “BenOurense Persoal Técnico”, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, co obxecto de garantirles o financiamento para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.

Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Este programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, por importe de 299.511,00 € (douscentos noventa e nove mil cincocentos once euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias as entidades locais da provincia, de menos de 20.000 habitantes, cuxas unidades de servizos sociais comunitarios básicos teñan a clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS), segundo o previsto no anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

Con carácter transitorio, e co fin de non menoscabar a execución orzamentaria das entidades locais inclúense, nos mesmos termos que para as UTES, aquelas entidades locais que nos últimos cinco anos recibiran por este Programa unha subvención para o persoal técnico de servizos sociais por ter unha UTES, e que no presente exercicio, por razóns de poboación, pasen a ter unha UTS (Unidades de Traballo Social). Dito período

transitorio será como máximo ata o ano 2026 (incluído) co fin de confirmar a caída poboacional.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

a) Entidades locais de áreas rurais de 5.000 ata 12.000 habitantes e de áreas semiurbanas de 10.000 e ata 15.000 habitantes: 1 técnico/a equivalente a un grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 15.000 e ata 20.000 habitantes: 1 técnico/a igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade, e un técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

Os datos de poboación tidos en conta son os últimos datos oficiais definitivos publicados polo INE.

A través do presente programa, subvencionarase exclusivamente a contratación ou nomeamento dos/as profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do/a profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais. Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2026. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de 6 meses no exercicio 2026 e en xornada igual ou superior ás 20 horas semanais. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

Os/as profesionais con contrato ou adscrición deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado da persoa titular da secretaría municipal no que conste que o/a profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

Terceira. - Contías das subvencións.

O importe da subvención por profesional será equivalente aos módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento, modificados por Orde do 13 de xullo de 2016 (DOG número 140 do 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.
- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do programa.

No caso das entidades locais, que tendo recoñecida unha asignación económica para o nomeamento/contratación de persoal técnico, non se adhiran ao Programa ou non soliciten a asignación económica para un do/s perfís técnicos subvencionados, este remanente económico repartirase entre o resto das entidades locais beneficiarias, incrementando de xeito lineal os módulos económicos previstos inicialmente.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O modelo normalizado porase a disposición das entidades locais e nel recóllese a certificación da alcaldía/presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas á entidade local para a mesma finalidade.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos

Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión, ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa.

Quinta. Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta. Tramitación das subvencións. Xustificación e pagamento.

As subvencións previstas no presente programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base cuarta, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- a) Pagamento anticipado do 80 % do importe máximo total de subvención previsto.

Antes do 30 de setembro de 2026, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total da subvención

prevista. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final, conforme co previsto nestas bases.

Para cada libramento da subvención (tanto na fase de anticipo como de xustificación final), as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

b) Xustificación e pagamento final:

Ata o 30 de novembro de 2026 (inclusive), as entidades locais beneficiarias terán que presentar a documentación xustificativa da subvención concedida, asinada dixitalmente e segundo os formularios normalizados que lle indique a Área de Benestar da Deputación, órgano que levará a cabo as comprobacións das xustificacións. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

A xustificación do programa incluírá os gastos efectuados ata o 31 de outubro de 2026, os gastos correspondentes ao meses de novembro e decembro do 2026 poderán xustificarse presentando un certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

Para a xustificación final da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a contratación/nomeamento do persoal técnico subvencionado durante o exercicio 2025, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria descritiva dos servizos sociais prestados polo persoal técnico.
2. Certificación dos gastos efectuados, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2026, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
3. No caso de querer xustificar gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2026, presentarán un certificado de gastos comprometidos asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décimo primeira.

A recepción da documentación xustificativa equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 20 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha duración inferior, en tempo ou en xornada laboral tal como se recolle na base segunda, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2026, obxecto desta convocatoria.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos subsanables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

Sétima.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

Oitava.- Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense ou por calquera outra administración pública para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

Novena.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica .
- d) As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación

obranse no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

e) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

f) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

g) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

h) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

i) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a

oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

j) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Décima.- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constituén o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo do exercicio 2026. O control financeiro incluírá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade co disposto na base 83 do orzamento xeral para o ano 2026 da Deputación Provincial de Ourense.

Décimo primeira.- Obrigas das entidades locais adheridas:

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico e de sometemento ao control financeiro previsto nas bases xerais, as entidades adheridas estarán obrigadas a:

- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar cada un dos pagos da subvención.
- b) Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a

facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

c) A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Anexo I

Entidade local prestadora SSCM	Unidade técnica	Área	Grupo A subg. A2	Módulo económico	Grupo A subg. A1	Módulo económico	Total entidade
Allariz	UTES	Rural 28	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barbadás	UTES	Semiurb. 9	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	Rural 31	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Carballiño, O	UNIS	Rural 25	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Mancomunidade de Verín	UTES	Rural 30	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Carballiño	UTES	Rural 25	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

Mancomunidade do Ribeiro	UTS	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Santa Águeda	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Terras de Celanova	UNIS	Rural 27	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Ribadavia	UTS	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Verín	UNIS	Rural 30	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Xinzo de Limia	UTES	Rural 29	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

9º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA PROVINCIAL REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL PRESTADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA (EXPTÉ Nº 2026/7511A).

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza provincial reguladora da prestación do servizo intermunicipal de recollida, transporte e eliminación de residuos de competencia local prestado pola Deputación de Ourense en réxime de competencia delegada, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

PREÁMBULO

- I. A Constitución española recoñece no seu artigo 45 o dereito de todos os españois a gozar dun medio ambiente adecuado para a persoa e establece o correlativo deber de conservalo. Asemade, en virtude do seu artigo 149.1.23.^a, correspóndelle ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación básica sobre a protección do medio ambiente e ás comunidades autónomas, a facultade de establecer normas adicionais de protección.
- II. Este mandato desenvólvese hoxe no ámbito estatal, entre outras normas, pola Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que traspón a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que derrogan determinadas directivas, como a Directiva Marco de Residuos.

No ámbito autonómico, a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia estableceron o sistema normativo que configurou o sistema de defensa, protección, conservación e restauración do medio ambiente e aseguraba a utilización racional de recursos de Galicia co obxectivo de mellorar a calidade de vida da cidadanía, obter un alto nivel de protección do medio ambiente e establecer mecanismos necesarios para garantir que a xestión dos residuos se efectuase sen por en perigo a saúde das persoas nin prexudicar o medio ambiente.

- III. As entidades locais son competentes na xestión dos residuos (artigo 9 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia) debendo prestar como servizo obrigatorio a recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios ou servizos na forma que establezan as súas respectivas ordenanzas. A prestación deste servizo poderase levar a cabo de forma independente ou asociada.

Entre as competencias propias das deputacións provinciais está a de asumir a prestación dos servizos de tratamento de residuos en municipios de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan á súa prestación, así como a coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial (artigo 36.1.c) da LRBRL).

Neste sentido, o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou na sesión ordinaria do 28 de xuño de 2024, o “Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para que a Deputación Provincial preste, en

réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran” (BOP n.º 127, do 2 de xullo de 2024).

Neste momento ao redor dun 65% dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, están adheridos ao dito convenio marco. Nos ámbitos territoriais dos concellos adheridos é a Deputación Provincial de Ourense a que exerce a totalidade das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos municipais.

- IV. A presente ordenanza é un regulamento deste servizo (non é unha ordenanza fiscal) na que se regulan os dereitos e obrigas existentes entre os administrados e a Administración que presta o servizo de recollida de residuos de competencia local e ten por obxecto o regulamento, no ámbito das competencias municipais delegadas na Deputación Provincial de Ourense, de todas aquelas condutas e actividades dirixidas ao depósito e recollida dos residuos municipais, respectando o principio de xerarquía, co obxecto de conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente. Regula aspectos parciais da materia de residuos, xa que unicamente fai referencia aos residuos de competencia local ou municipais, e non ten un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios.
- V. Do mesmo xeito, este ano modificouse a “Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local” que foi reformulada para a súa adaptación ao cumprimento do recollido no artigo 11 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, sobre a esixencia legal de establecer unha taxa específica, diferenciada e non deficitaria e que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflecta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos; modifícase a “Ordenanza reguladora do servizo delegado de recollida de residuos urbanos, da Deputación Provincial de Ourense”, no senso de cumprir ese obxectivo de camiñar ou avanzar a fórmulas de pago por xeración, e afondar na xestión separada de fraccións como os biorresiduos, os téxtiles, entre outros...

O artigo 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais establece que as

as administracións locais aprobaran unha norma que determine a modalidade de prestación, situación, deberes e dereitos dos usuarios de cada un dos servizos que presten. O mandato normativo xustifica o cumprimento dos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Para cumprir cos principios de seguridade xurídica e eficiencia os trámites establecidos pola ordenanza baséanse na singularidade da materia e na actividade propia dos entes locais, sen que supoñan a esixencia de cargas administrativas innecesarias ou irracionais, recollendo nun único instrumento normativo a regulación do servizo.

- VI. A ordenanza ten cincuenta e tres artigos. Divídese en tres títulos. O primeiro establece as disposicións xerais (artigos 1 ao 11), o segundo recolle as normas aplicables ao servizo de recollida (artigos 12 ao 40) e está dividido en tres capítulos; o primeiro regula as disposicións xerais sobre o servizo de recollida (artigos 12 ao 17), o segundo regula as disposicións xerais sobre a recollida dos distintos residuos (artigos 18 ao 40), estando dividido en dous seccións; a primeira relativa á recollida separada dos residuos de competencia local (artigo 18-37) e a segunda trata sobre os puntos limpos fixos e móbiles a (artigo 38 ao 40) e un terceiro capítulo dedicado ás obrigas de determinados produtores de residuos para o fomento da recollida separada e reciclaxe de alta calidade (artigos 41 e 42). O terceiro título regula as responsabilidades e o réxime sancionador e está dividido á súa vez, en dous capítulos; o primeiro establece normas aplicables responsabilidade da vixilancia, inspección e ao control (artigos 43 a 45) e o segundo referido a infraccións e sancións (artigos 46-53). A Ordenanza contén unha disposición derogatoria única, unha disposición final relativa á habilitación de desenvolvemento e unha disposición final segunda da entrada en vigor.
- VII. Esta ordenanza dítase sobre a base do establecido nos artigos 36.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e 32 e 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular a prestación do “Servizo intermunicipal de recollida, transporte e eliminación de residuos de competencia local prestado pola Deputación de Ourense en réxime de competencia delgada e con carácter intermunicipal”.

O obxectivo é reducir a xeración de residuos, avanzar no tratamento en orixe e proximidade, dándolle prioridade fronte á centralizada; e cando isto non sexa posible, facilitar, por esta orde, a súa xestión mediante a súa preparación para reutilizalos, a reciclaxe e outras formas de valorización de materiais ou enerxéticas, de xeito que se reduza o seu depósito en vertedoiros e conseguir así o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.

2. O ámbito de aplicación desta ordenanza abrangue todos aqueles municipios cuxos concellos teñan delegadas as competencias da prestación do “Servizo intermunicipal de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local”, na Deputación de Ourense, durante o período de vixencia desta. Trala delegación das competencias enténdese trala aprobación polo órgano competente da sinatura do “Convenio Marco de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos da Provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran” (BOP n.º 127, do 2 de xullo de 2024).

Ademais, inclúense no ámbito de aplicación desta ordenanza aqueles concellos que teñan delegada na Deputación a xestión dalgunha fracción específica de residuos domésticos, mediante a adhesión a calquera dos convenios marco asinados pola Administración autonómica (Xunta de Galicia) cos Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor, tales como Ecoembes ou Ecovidrio.

3. No exercicio das competencias municipais delegadas na Deputación de Ourense, mediante a adhesión ao dito convenio, esta ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e réxime local, debendo en todo momento ser interpretada e aplicada de conformidade coa lexislación citada.

4. Todas as persoas físicas ou xurídicas que depositen residuos nos medios, instalacións ou servizos habilitados para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense están obrigadas ao cumprimento do disposto nesta Ordenanza e na normativa que se dite para a súa interpretación ou desenvolvemento.

Artigo 2. Réxime xurídico

O réxime xurídico aplicable ás actividades e ás condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo disposto nela, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia e na normativa europea de aplicación directa, en particular nas disposicións seguintes e nas súas correspondentes normas de desenvolvemento ou aplicación, ou aquelas que as substitúan:

- Decisión de execución (UE) 2019/1885 da Comisión, do 6 de novembro de 2019, pola que se establecen normas relativas ao cálculo, a verificación e a comunicación de datos relativos á vertedura de residuos municipais de acordo coa Directiva 1999/31/CE do Consello.
- Decisión 2014/955/UE, da Comisión, do 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Real decreto 265/2021, do 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
- Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros.
- Real decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.
- Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real decreto 27/2021, do 19 de xaneiro).
- Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real decreto 710/2015, do 24 de xullo, o Real decreto 943/2010, do 23 de xullo e o Real decreto 27/2021, do 19 de xaneiro).
- Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso (segundo as modificacións introducidas mediante o Real decreto 731/2020, do 4 de agosto).

- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Lei 4/2024, do 8 de novembro, básica de axentes forestais e medioambientais.

Artigo 3. Definicións

Ademais das definicións recollidas nas disposicións regulamentarias sinaladas no artigo anterior, terase en conta:

- a) Animais domésticos: todo animal pertencente ás especies normalmente alimentadas e mantidas, pero non consumidas polo ser humano para fins distintos do gando.
- b) Establecemento comercial: locais fixos e puntos de venda onde se desenvolven regularmente actividades comerciais que impliquen a venda por xunto ou polo miúdo de produtos, hostalería e restauración ou a prestación de servizos desta natureza ao público, así como calquera outro recinto limitado. que reciban esa titulación en virtude de disposición legal ou regulamentaria.
- c) Establecemento comercial colectivo: aquel que está constituído por un conxunto de locais ou puntos de venda instalados dentro dun mesmo local, parque ou edificio, que dispón dunha única licenza de comercialización, aínda que cada un dos locais ou puntos de venda realice as súas respectivas actividades de forma independente.
- d) Eventos públicos: enténdense por tales as seguintes actividades:
 - Espectáculos públicos: aqueles eventos que reúnen a un público que acude coa finalidade de presenciar unha representación, *performance*, exposición ou proxección que se ofrece por parte dunha compañía, artistas ou intérpretes que interveñan na súa representación.
 - Actividades recreativas e deportivas: aquelas que aglutinan a un público que vén coa finalidade principal de participar na actividade ou recibir os servizos que ofrece a empresa con fins de lecer, entretemento, diversión, deporte e actividade física.
 - Actividades socioculturais: aquelas capaces de reunir ou concentrar un grupo de persoas coa finalidade de participar en actividades sociais e culturais, con exclusión das de carácter político ou reivindicativo, como manifestacións, concentracións políticas ou similares.
- e) Residuos de papel-cartón limpos: enténdense como limpos os residuos compostos exclusivamente de papel ou cartón, que non conteñen restos de materiais orgánicos, aceites, graxas, substancias líquidas nin ningún outro contaminante que altere as súas propiedades para a reciclaxe.

f) Mobles e aparellos: son os obxectos de uso diario ou de decoración dun domicilio, tales como camas, mesas, cadeiras, armarios, etc.

g) Residuos voluminosos: residuos de competencia local que presentan unhas características especiais de volume, peso ou tamaño que dificultan a súa recollida polo sistema ordinario de recollida. Dentro deste grupo de residuos existen diferentes fluxos segundo a súa natureza, como poden ser mobles e enxoval, madeira, chatarra, RAEE de gran tamaño

h) Vehículo abandonado: presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico, de acordo co parágrafo final do Artigo 2 at) da Lei 7/2022 e co segundo parágrafo do artigo 3.d) do Real decreto 265/2021, nos seguintes casos:

i) Cando permaneza estacionado na vía pública por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que imposibiliten o seu desprazamento polos seus propios medios ou careza de placas de matrícula ou estas sexan ilexibles.

ii) Cando se atope en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.

iii) Cando transcorresen máis de dous meses desde que o vehículo fose depositado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

i) Vehículos non aptos para a súa circulación: vehículo que non cumpre coas características de seguridade e de protección do medio ambiente esixidas e obrigatorias.

Artigo 4. Residuos excluídos

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza, polo que non será responsable da súa xestión a Deputación Provincial de Ourense:

1) Residuos derivados de procesos de fabricación, transformación, uso, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial, perigosos ou non.

2) Residuos de construción e demolición, incluídos os terreos de escavación, que non procedan de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

3) Os subprodutos animais non destinados ao consumo humano, SANDACH, que se xeren en carnicerías, peixarías ou establecementos análogos, que, salvo autorización excepcional da Deputación de Ourense, non poden ser xestionados xunto cos residuos domésticos, e os titulares das actividades, contratar a súa recollida cunha empresa autorizada para iso.

4) Cinzas xeradas nas instalacións de calefacción central dos edificios, con independencia do seu destino

- 5) Excrementos humanos
- 6) Animais mortos que non son domésticos.
- 7) Vehículos ao final da súa vida útil ou non aptos para a circulación
- 8) Calquera tipo de residuos agrícolas ou gandeiros, orgánicos ou técnicos (plásticos de envases agrícolas, rega, etc.)
- 9) Os materiais de recollida, tratamento ou eliminación do resto/fracción de rexeitamento que requiran a adopción de medidas especiais de hixiene ou de seguridade.
- 10) Calquera outro material residual equiparable ao anterior, e en todo caso os que determine e comunique a Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 5. Marco competencial

1. A Deputación Provincial de Ourense prestará o preceptivo servizo de recollida de residuos de competencia local aos concellos adheridos ao *“Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran”* (BOP n.º 127, do 2 de xullo de 2024), na forma establecida nesta ordenanza e de acordo co establecido na normativa estatal e autonómica en materia de residuos e réxime local.
2. De conformidade co disposto no artigo 12.5.e) da Lei 7/2022, a Deputación Provincial de Ourense poderá xestionar, se así o decide, a través dos instrumentos de desenvolvemento habilitados na disposición final primeira desta ordenanza, os residuos comerciais non perigosos, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por eles mesmos nos termos previstos no segundo parágrafo do artigo 20.3 da Lei 7/2022.
3. Correspóndelle á Deputación de Ourense a competencia de ordenación, planificación e xestión do servizo prestado, así como a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das competencias que exerza de acordo cos apartados anteriores, segundo o establecido no Título III da presente Ordenanza.
4. A Deputación manterá informados aos concellos das diferentes actuacións, tales como a sensibilización cidadá, a fiscalización da correcta separación dos residuos na orixe ou todas aquelas que poidan ser de relevancia.
6. A Deputación de Ourense pode declarar como servizo público todas ou algunhas das

operacións de xestión de determinados residuos cando se demostre que, de forma continuada no tempo, non se xestionan correctamente, podendo derivar nun risco significativo para a saúde humana e o medio ambiente.

Artigo 6. Obxectivos

Esta ordenanza está orientada á consecución dos seguintes obxectivos:

1. Reducir a xeración de residuos, en cantidade e perigosidade.
2. Promover a correcta separación na orixe.
3. Avanzar no tratamento en orixe e de proximidade fronte ao centralizado.
4. Incrementar a recollida separada, a preparación para a reutilización e a valorización dos residuos no conxunto da xestión dos residuos municipais.
5. Reducir a presenza de residuos reciclables na fracción resto e de residuos improprios nas fraccións reciclables.
6. Limitar a disposición da fracción resto dos residuos municipais.
7. Mellorar o estado de limpeza e a calidade do espazo público.

Artigo 7. Prestación dos servizos

1. A Deputación de Ourense prestará o servizo de recollida de residuos recollido na presente ordenanza e nos seus instrumentos de desenvolvemento, de maneira individual ou agrupada, baixo calquera das formas de xestión previstas na normativa de réxime local.
2. No caso de residuos domésticos perigosos ou de residuos domésticos cuxas características especiais dificulten a súa xestión ou poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación, a Deputación poderá impoñer aos seus posuidores algunha ou todas as seguintes obrigas:
 - a) que adopten medidas para eliminar ou reducir as ditas características,
 - b) que os depositen na forma e lugar que especificamente se decida,
 - c) que a recollida se deba realizar previa solicitude do usuario, no réxime de recollida especial regulado no artigo 13.b) desta ordenanza sobre as modalidades de servizo de recollida,
 - d) que os xestionen necesariamente por si mesmos e á marxe do sistema de recollida intermunicipal, mediante a entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que

garanta a entrega a un xestor autorizado, no caso de que non poidan ser recollidos polos medios previstos pola Deputación. Non se poderá adoptar esta medida respecto dos residuos domésticos xerados nos fogares, salvo que unha normativa específica así o estableza, sen prexuízo de que os seus posuidores decidan voluntariamente entregalos directamente a un xestor de residuos nos supostos que recolle o Capítulo II do Título II desta ordenanza.

3. Nas situacións consideradas como de emerxencia ou de forza maior nas que non sexa posible prestar o servizo de recollida de maneira normal, e previa constatación, declaración e comunicación por parte da Deputación, poderase alterar ou suspender temporalmente o servizo. Nestes casos, os usuarios deberán absterse de depositar os seus residuos ata que o servizo se normalice ou ata que se diten, en cada caso, as instrucións oportunas. En ningún caso a aplicación destas excepcións dará dereito a indemnización ou a unha redución do importe que deban abonar os usuarios pola prestación dos servizos, de acordo co artigo 11 da presente ordenanza.

Artigo 8. Obrigas dos/as usuarios/as e titularidade dos residuos municipais

1. Os produtores de residuos que sexan usuarios do servizo de recollida intermunicipal están obrigados a:

a) Reducir o volume dos residuos e depositalos de tal forma que se aproveite a capacidade das bolsas e dos colectores, no caso de que aplique. No caso dos envases de vidro deberán depositarse de maneira directa e sen bolsa de acordo co previsto no artigo 22 desta ordenanza, e no caso dos residuos de papel-cartón, deberán depositarse pregados, de acordo co previsto no artigo 21 desta ordenanza.

b) Separar correctamente os residuos na orixe de acordo coas fraccións establecidas na presente ordenanza e depositalos nos colectores ou puntos de recollida establecidos para tal fin, conforme ao indicado nesta ordenanza. Cando sexa de aplicación, sacar os colectores á vía pública para a súa recollida polo servizo público nas horas e lugares establecidos pola Deputación.

c) Cumprir cos horarios de depósito e entrega de residuos.

Ante a presenza dun colector cheo, deberán absterse de efectuar os depósitos de residuos nese colector concreto ou na vía pública, debendo, neste caso, levar os residuos aos colectores máis próximos da fracción correspondente ou esperar ao baleirado do colector. Se se dera esta circunstancia, recoméndase comunicar a situación a través dos medios de

contacto que facilite a Deputación para que se poidan estudar as posibles solucións.

2. Os cidadáns comunicarán á Administración responsable da prestación do servizo, é dicir, á Deputación (ben directamente ou ben a través dos axentes da autoridade ou dos concellos), a existencia de residuos abandonados ou lixo disperso na vía ou nos espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos de construción e demolición, etc.

Os residuos municipais regulados nesta ordenanza terán sempre un titular responsable, calidade que corresponderá ao produtor ou ao posuidor destes.

Só quedarán exentos de responsabilidade administrativa aqueles que entreguen á Deputación os residuos para a súa xestión, de conformidade coas prescricións contidas nesta ordenanza e demais normativa aplicable, adquirindo a Deputación nese momento a propiedade sobre eles. Exceptúanse tamén desta responsabilidade aqueles que entreguen os ditos residuos a unha persoa física ou xurídica que teña a condición de xestor autorizado ou rexistrado, de acordo co previsto nesta ordenanza.

Artigo 9. Xestión privada dos residuos xerados en actividades económicas

1. Os produtores de residuos comerciais non perigosos que non utilicen o servizo de recollida intermunicipal, de acordo co artigo 5.2 da presente ordenanza, deberán separar na orixe, por fraccións, e xestionar os residuos de conformidade coa normativa aplicable, acreditando documentalmente á Deputación a correcta xestión dos ditos residuos, conforme ao establecido no segundo parágrafo do artigo 20.3 da *Lei 7/2022*.

2. Para tal fin, a persoa titular da actividade que xestione os residuos municipais propios da súa actividade mediante un xestor privado debe informar á Deputación da non suxeición ao servizo de recollida intermunicipal, e presentar no prazo e forma establecidos segundo recolle a Ordenanza fiscal en vigor:

a. Copia do contrato de servizo con vixencia durante o ano en curso coa empresa destinataria do residuo, onde consten:

i) Códigos do destinatario (xestor) e do produtor ou axente ou negociante, no caso de que exerza como tal. O destinatario debe ser un xestor autorizado inscrito no Rexistro de produtores e xestores de residuos de Galicia.

ii) Descrición do residuo e a súa codificación LER (segundo a Lista Europea de Residuos).

iii) Cantidade de residuo a trasladar.

iv) O volume de colectorización instalada para cada fracción e a súa frecuencia de recollida. Debe garantirse unha frecuencia mínima semanal para a recollida de residuos orgánicos ou envases alimentarios.

v) Tratamento final, indicando o código do tratamento para cada fracción recollida. Este tratamento debe ser unha operación de valorización para todas as fraccións excepto a fracción resto.

b. As tres últimas facturas emitidas polo xestor autorizado, que acrediten a vixencia do contrato e a correcta prestación do servizo.

3. No caso de que a documentación achegada non se axuste ao especificado nos parágrafos anteriores e, polo tanto, a Deputación non poida proceder á preceptiva validación definitiva, comunicáraselle ao establecemento que deberá acollerse ao servizo de recollida selectiva intermunicipal e deberá satisfacer a taxa correspondente.

4. Unha vez verificada a documentación e iniciado o servizo privado, o establecemento deberá:

a. Ter á disposición da Deputación os documentos que acrediten que xestionou correctamente os residuos e os xustificantes das entregas efectuadas, con indicación do peso ou volume de cada unha das fraccións entregadas.

b. Manter os residuos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade mentres os posúa.

c. Permitir a inspección por parte da Deputación de Ourense.

d. Entregar os residuos en condicións axeitadas de separación por fraccións aos xestores de residuos, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.

e. Soportar os gastos de xestión dos residuos que posúa ou xere.

f. Os elementos de colectorización que se utilicen para esta recollida non poderán estar situados no espazo público fóra do horario de recollida.

g. Anualmente, durante o primeiro trimestre do ano, mentres o contrato validado pola Deputación siga vixente, deberá achegar:

i. Un certificado emitido polo transportista responsable da recollida no que se indique o total de toneladas recollidas de cada unha das fraccións e o destino de cada unha delas durante o exercicio anterior.

ii. No caso de que o destino da recollida sexa unha planta de transferencia, será

necesario achegar tamén un certificado da planta de transferencia, o código LER e as toneladas entregadas ao destino final para cada unha das fraccións, así como a súa vía de xestión, correspondentes ao exercicio anterior.

iii. Un certificado emitido polo produtor dos residuos onde se indique a vixencia do contrato de recollida e tratamento para as fraccións de residuos comerciais recollidas mediante o servizo privado, así como unha declaración de que os datos achegados polo transportista e a planta de transferencia, se é o caso, coinciden cos datos que constan nos documentos de traslado.

5. Se o titular da actividade deixa de xestionar os residuos municipais mediante o xestor privado do servizo acreditado mediante a achega da documentación indicada no punto 1 deste artigo, deberá comunicalo á Deputación de Ourense cunha antelación mínima dun mes antes de dar de baixa o contrato que ten co xestor privado. Mentres non contrate outro xestor privado, deberá acollerse ao servizo público.

Artigo 10. Actuacións non permitidas e obrigas en relación co abandono e a entrega incorrecta dos residuos

1. Non está permitido para toda persoa usuaria do servizo:

a) Depositar ou abandonar residuos na vía pública ou en calquera lugar do termo municipal, nin en colectores non habilitados para o tipo de residuo en cuestión, nin en lugares diferentes aos especificados pola Deputación.

b) Depositar residuos en colectores que contraveñan o disposto na presente Ordenanza.

c) Depositar en lugares distintos ás papeleiras instaladas para tal fin nos espazos públicos residuos de pequeno volume, tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascas e refugallos similares, así como depositar nas papeleiras, agrupados en bolsas, residuos para os que se teña establecido un servizo específico de recollida.

d) Manipular colectores ou o seu contido, así como envorcar ou arrincar papeleiras ou outro tipo de colectores, desprazalos fóra das súas localizacións, ou manipular calquera instalación accesoria aos colectores (elementos de seguridade, peches).

e) Utilizar os colectores para fins distintos aos previstos na presente ordenanza.

f) Evacuar directamente residuos sólidos ou líquidos á rede de saneamento.

g) Extraer, rebuscar ou recoller os residuos unha vez postos a disposición dos servizos municipais na forma establecida nesta ordenanza.

h) Danar ou vandalizar os bens postos ao servizo da xestión de residuos municipais, incluíndo colectores, papeleiras, vehículos de recollida, instalacións ou calquera outro elemento destinado á prestación do servizo público de xestión de residuos

2. O posuidor dun animal doméstico, con excepción das persoas invidentes que sexan titulares de cans guía, deberá recoller as deposicións evacuadas por este na vía pública e nos espazos públicos e depositalas nos colectores identificados para tal fin ou, no seu defecto, nas papeleiras instaladas nos espazos públicos.

Artigo 11. Financiación dos servizos de recollida

O financiamento do servizo intermunicipal de xestión de residuos establecerase na ordenanza fiscal en vigor, no ben entendido de que, en calquera caso, os servizos de recollida serán financeiramente sostibles aplicando, na repercusión de custos, o principio de “quen contamina paga”.

TITULO II. DO SERVIZO DE RECOLLIDA

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓN XERAIS DA RECOLLIDA DE RESIDUOS

Artigo 12. Actuacións incluídas no servizo de recollida

O servizo de recollida comprende as seguintes actuacións:

- a) Recepción dos residuos en medios de depósito ou sistemas equivalentes.
- b) De ser o caso, traslado dos residuos aos vehículos ou outros medios de recollida, nos colectores de residuos ou sistemas equivalentes, así como o baleirado e devolución destes últimos aos seus puntos orixinais.
- c) Transporte e descarga dos residuos nas instalacións de xestión axeitadas.
- d) Retirada dos restos vertidos como consecuencia das operacións anteriores.
- e) Mantemento, lavado e reposición dos colectores e doutros puntos de recollida municipal, agás aqueles colectores que sexan de uso exclusivo.
- f) Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.
- g) Sensibilización, educación e información sobre a separación e recollida de residuos.

Artigo 13. Modalidades de recollida de residuos:

Para os efectos do disposto na presente ordenanza, o servizo de recollida prestarase baixo algunha das seguintes modalidades, incluídas as que se leven a cabo a través de entidades

de economía social, de acordo co establecido respecto de cada fracción de residuos no capítulo II deste título:

a) Recollida ordinaria, que será prestada en todo caso pola Deputación, sen que sexa preciso unha demanda do servizo por parte dos produtores dos residuos. A Deputación de Ourense levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais a través dunha ou varias das seguintes modalidades:

- Porta a porta, entendéndose como tal o depósito do residuo en cubos ou colectores de uso exclusivo de pequeno volume cuxa operativa de descarga sexa manual, ou fardos (no caso de papel-cartón) depositados na vía pública nos lugares e horarios indicados pola Deputación.

- Colectores en vía pública, para cada fracción de residuos debidamente identificados.

- Outros sistemas que, de ser o caso, se poidan establecer.

b) Recollida especial, que será realizada pola Deputación unicamente no caso de que o usuario o solicite de forma expresa. Este servizo poderá prestarse, en función das necesidades e dispoñibilidades, para os seguintes fluxos de residuos.

- Mobles e aparellos

- Colchóns

- Animais domésticos mortos

- Restos vexetais xerados nas actividades de sega, poda e outras actividades de xardinería realizadas por particulares (excluídos os restos de podas realizadas polos servizos municipais).

- Outros que, de forma expresa, determine a Deputación de Ourense.

A solicitude do servizo de recollida especial dos anteriores residuos deberá realizarse telefonicamente ou por calquera outro medio de comunicación que habilite a Deputación ou, de ser o caso, o prestador do servizo.

Os/as usuarios/as destes servizos deberán depositar os residuos correspondentes no lugar e na forma que a Deputación lles indique, respectando as datas, horarios e demais condicións establecidas.

Con carácter xeral, o servizo de recollida especial prestarase a domicilio, salvo que, polas condicións de localización, distancia ou accesos, se estableza outro medio de recollida.

c) Recollida mediante o depósito dos residuos por parte dos produtores no punto limpo, fixo ou móbil, de acordo co establecido na sección segunda do capítulo 2 deste título.

d) Recollida a través dos puntos de recollida implantados polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor.

e) Recollida mediante iniciativas de carácter solidario, realizadas a través de entidades de economía social debidamente identificadas e rexistradas para a xestión de residuos, de acordo co artigo 20.1.c) da Lei 7/2022, que non supoñan unha competencia ao servizo intermunicipal, previa habilitación da Deputación, coa obriga de informar á Deputación das cantidades xestionadas.

Artigo 14. Información sobre separación e recollida de residuos

A Deputación fará públicas as condicións de prestación do servizo e, en especial, as relativas aos días e horarios de depósito e ás modalidades de recollida das diferentes fraccións de residuos, condicións e puntos de entrega, así como calquera outra que considere conveniente para o correcto uso do servizo.

Artigo 15. Sensibilización, educación e información sobre separación e recollida de residuos

1. A Deputación promoverá a realización de campañas, programas e outro tipo de actuacións para a sensibilización, educación e información da cidadanía en materia de hábitos de consumo, redución na xeración de residuos, separación destes por fraccións na orixe e o seu depósito nos colectores correspondentes, así como na prevención da xeración de lixo disperso. O persoal informará e resolverá dúbidas ou desviacións que poidan xurdir, proporcionando retorno de resultados aos usuarios/as respecto da recollida de residuos, dinamizando os procesos de comunicación e contribuíndo á sensibilización e concienciación da cidadanía cara a uns hábitos de xestión de residuos responsables.

2. Para o desenvolvemento das actuacións sinaladas nos apartados anteriores, a Deputación poderá, entre outras medidas, asinar convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados, tales como universidades, organizacións sen ánimo de lucro que teñan por obxecto a protección ambiental, sistemas de responsabilidade ampliada do produtor e asociacións empresariais.

Artigo 16. Colectores de uso exclusivo

1. Para todos os/as usuarios/as acollidos ao servizo de recollida intermunicipal en calquera das modalidades do servizo, a Deputación poderá obrigar, en función do volume de

residuos xerados de cada fracción, á disposición e utilización de colectores de uso exclusivo para a recollida selectiva ou para a fracción resto, coas características establecidas pola Deputación para que sexan compatibles co servizo de recollida.

2. Os produtores de residuos comerciais poderán solicitarlle á Deputación colectores para uso exclusivo, sempre que cumpran as condicións establecidas no servizo. Estes colectores colocaranse na localización e coa frecuencia definida pola Deputación para a recollida de cada fluxo específico de residuos.

3. Os produtores de residuos acollidos ao uso de colectores de uso exclusivo serán responsables do correcto uso, conservación e limpeza dos colectores ou recipientes, así como da súa retirada nos días e horarios preestablecidos pola Deputación.

4. En calquera dos supostos anteriores, a Deputación determinará as características, frecuencias de recollida e condicións de localización dos colectores na vía pública, atendendo a criterios de eficiencia, económicos, organizativos, de proximidade e accesibilidade para os/as usuarios/as, así como de saúde e seguridade públicas.

As condicións do servizo de xestión mediante colector de uso exclusivo e o procedemento de adhesión para os/as usuarios/as comerciais **quedan recollidas no Anexo I desta ordenanza**. As condicións de prestación do servizo recollerán, en especial, as relativas aos días e horarios de depósito, ás modalidades e frecuencias de recollida das diferentes fraccións de residuos, ás condicións e puntos de entrega, ao grao de cobertura territorial, así como calquera outra que se considere conveniente para o correcto uso do servizo. Os/as usuarios/as obrigados e adheridos ao servizo estarán suxeitos ás condicións alí establecidas.

Artigo 17. Protección de datos persoais.

1. A Deputación de Ourense poderá aplicar sistemas de identificación de usuarios/as para a xestión dos residuos municipais.

2. Os datos persoais tratados mediante os sistemas de identificación de usuarios/as son os seguintes:

a. Datos contractuais: os datos relativos ao número de usuario/a e os seus datos de contacto (teléfono e/ou correo electrónico).

b. Datos relacionados cos residuos: fraccións entregadas por cada usuario/a ao servizo de recollida, volume do recipiente asignado, calidade do material depositado, servizos específicos contratados, permisos de acceso a colectores ou áreas de achega.

c. Datos complementarios: datos relacionados co canal de comunicación bidireccional coa Deputación.

3. As finalidades do tratamento de datos persoais son as seguintes:

a. Realizar un seguimento do funcionamento do servizo.

b. Avaliar a participación dos/as usuarios/as no servizo de recollida separada.

c. Resolver as incidencias que poidan xurdir no funcionamento normal do servizo.

d. Computar os residuos achegados ao servizo por parte dos/as usuarios/as para aplicar unha taxa xusta.

4. A Deputación de Ourense está lexitimada para tratar os datos persoais dos/as usuarios/as en cumprimento dunha misión de interese público e no exercicio de poderes públicos.

5. O tratamento dos datos persoais levarase a cabo garantindo en todo momento o cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

6. Os/as usuarios/as do servizo poderán exercer os seus dereitos de protección de datos, mediante comunicación ao responsable, na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, ao seu delegado de Protección de Datos, na mesma dirección postal ou a través da dirección de correo, dpd@depourense.es ou, directamente, ante a AEPD, a través de www.aepd.es, achegando, en todo caso, fotocopia de documento identificativo (DNI, NIE ou Pasaporte).

7. A Deputación de Ourense actúa como responsable do tratamento dos datos persoais.

8. Os datos poderán empregarse para o cálculo da taxa de residuos, e a fórmula aplicable para determinar o seu importe será definida na Ordenanza fiscal correspondente.

9. Os datos persoais tratados pola Deputación de Ourense serán almacenados só durante o prazo necesario para cumprir cos obxectivos descritos no punto 3, sen prexuízo do seu almacenamento pseudonimizado posterior para fins estatísticos e de investigación, así como para atender ás responsabilidades que puideran derivarse.

10. Informamos que os datos obtidos pasarán a formar parte do Rexistro de Actividades de Tratamento (RAT) do que a Deputación Provincial de Ourense é Responsable.

CAPÍTULO 2. DISPOSICIÓN SOBRE A RECOLLIDA E XESTIÓN DOS DISTINTOS RESIDUOS

Sección 1ª. Recollida separada dos residuos de competencia local

Artigo 18. Disposicións xerais

1. As medidas establecidas nesta Sección 1.ª aplicaranse en relación coa recollida de todos os residuos de competencia local, tanto se o servizo se presta de maneira obrigatoria como se, de ser o caso, se presta de maneira potestativa, de acordo co establecido nos apartados 1 e 2, respectivamente, do Artigo 5 da presente Ordenanza.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, e de acordo co artigo 7.2 desta Ordenanza, a Deputación poderá establecer condicións específicas para a recollida de residuos perigosos.

2. Os produtores de residuos de competencia local, de acordo co artigo 5 desta Ordenanza, estarán obrigados a depositalos nalgunha das formas contempladas neste Capítulo, sen prexuízo das obrigas adicionais establecidas no Capítulo 3.

Artigo 19. Regras específicas para a recollida de residuos xerados como consecuencia de actividades económicas

1. De acordo co artigo 5 da presente Ordenanza, os produtores de residuos de competencia local que sexan xerados como consecuencia do exercicio de actividades económicas, incluídos os residuos sanitarios de competencia local, deberán xestionalos dalgunha das seguintes maneiras:

a) Mediante a utilización dalgún dos métodos de recollida previstos nos artigos seguintes, en función do tipo de residuo de que se trate e tal e como indique a Deputación de Ourense.

b) Mediante a súa entrega a un ou varios xestores autorizados ou recolletores rexistrados que garantan a entrega a un xestor autorizado.

2. Nos supostos recollidos no apartado a) do punto 1 anterior, a Deputación de Ourense poderá determinar as condicións baixo as cales se prestará o servizo de recollida.

3. O disposto neste artigo aplicarase respecto de todos os residuos sobre os que a Deputación de Ourense preste o servizo de recollida, tanto con carácter obrigatorio como potestativo.

4. Os produtores de residuos que non sexan de competencia local, de acordo co artigo 4 da presente Ordenanza, deberán xestionalos mediante a súa entrega a un ou varios xestores

autorizados ou recolledores rexistrados que garantan a entrega a un xestor autorizado, absténdose de utilizar os servizos de recollida intermunicipal, sen prexuízo da obriga dos produtores de residuos comerciais non perigosos de cumprir co establecido no artigo 20.3 da Lei 7/2022.

5. A Deputación de Ourense poderá verificar o cumprimento das obrigas derivadas da Responsabilidade Ampliada do Produtor que deban ser cumpridas polos posuidores de residuos xerados como consecuencia do exercicio de actividades económicas e trasladar posibles situacións de incumprimento ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Artigo 20. Recollida separada de residuos de envases lixeiros

1. Con carácter xeral e tendo en conta o establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 20 da presente ordenanza, os residuos de envases lixeiros que teñan a consideración de residuos de envases domésticos, de acordo co artigo 2.m) do Real Decreto 1055/2022, entendéndose por tales os envases de plástico (incluíndo botellas para bebidas, bolsas de plástico e os produtos de plástico enumerados no Apartado F do Anexo IV da Lei 7/2022 que teñan a consideración de envases domésticos), de metal (férico ou aluminico, particularmente latas de conserva e latas de bebidas) así como os briks, deberán depositarse obrigatoriamente nos colectores ou noutros sistemas equivalentes identificados para tal fin e situados nos domicilios dos/as usuarios/as ou nas súas proximidades (en concreto, no caso de depósito en colectores, no colector identificado coa cor amarela).

2. No caso de botellas, botes, latas e outros recipientes que contivesen restos de materia orgánica, como restos alimenticios ou outras substancias, deberán baleirarse completamente con carácter previo ao seu depósito, co obxecto de eliminar os restos destas substancias. A fracción de envases lixeiros depositarase en bolsas impermeables pechadas e suficientemente resistentes para impedir derrames.

3. Non obstante o indicado no apartado 1 deste artigo, a Deputación de Ourense poderá decidir que as botellas de plástico ás que se refire a parte E do anexo IV da Lei 7/2022 (botellas para bebidas de ata tres litros de capacidade, incluídas as súas tapas e tapóns) deban recollese de maneira separada, ben de forma diferenciada ou ben xunto con outras fraccións de residuos recollidos separadamente, de acordo co establecido no artigo 4 da Decisión de execución (UE) 2021/1752, da Comisión, do 1 de outubro de 2021. Cando resulte de aplicación o disposto neste apartado, a Deputación indicará os medios específicos nos que se deben depositar estes residuos de envases.

Artigo 21. Recollida separada de residuos de papel e cartón (incluídos os envases deste material).

1. Con carácter xeral, os residuos de papel e cartón limpos que teñan a consideración de residuos domésticos (tanto os residuos de envases que teñan a consideración de residuos domésticos como os non envases, como o papel prensa) deberán depositarse obrigatoriamente, o máis pregados posible, nos colectores ou noutros sistemas equivalentes identificados para tal fin e situados nos domicilios dos/as usuarios/as ou nas súas proximidades (en concreto, no caso de depósito en colectores, no colector identificado coa cor azul). En particular, as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma adecuada para a súa introdución e disposición nos colectores, ocupando o menor espazo posible. Enténdense como limpos os residuos compostos exclusivamente de papel ou cartón, que non conteñen restos de materiais orgánicos, aceites, graxas, substancias líquidas nin ningún outro contaminante que altere as súas propiedades para a reciclaxe

2. Con carácter previo ao seu depósito, deberán eliminarse destes residuos todos os restos orgánicos, téxtiles, metálicos ou de plástico, así como o papel e cartón sucio, principalmente con materia orgánica, debendo depositar estes restos de acordo co disposto no artigo 37 da presente ordenanza para a fracción resto.

Artigo 22. Recollida separada de residuos de envases de vidro

1. Con carácter xeral, os residuos de envases de vidro que teñan a consideración de residuos domésticos deberán depositarse obrigatoriamente nos colectores ou noutros sistemas equivalentes identificados para tal fin e situados nos domicilios dos/as usuarios/as ou nas súas proximidades (en concreto, no caso de depósito en colectores, no colector/iglú identificado coa cor verde). O depósito realizarase de maneira directa e sen bolsas.

2. Previamente ao seu depósito no colector, deberán separarse dos envases de vidro as tapas, tapóns, envoltorios e calquera outro elemento que poida ser desbotado de maneira separada do residuo do envase de vidro, e depositalos no colector correspondente. Para os efectos anteriores, cando os devanditos elementos sexan de metal (férico ou aluminico) ou de plástico, depositaranse no colector de residuos de envases lixeiros; e cando sexan doutros materiais (como cortiza ou téxtil), depositaranse no colector de biorresiduos, no caso de que sexan biodegradables, ou no de téxtil, respectivamente, sempre que estean dispoñibles.

Así mesmo, con carácter previo ao depósito no colector ou sistema equivalente, deberán

baleirarse os residuos de envases de vidro co obxectivo de eliminar os restos de substancias que puidesen quedar neles.

Artigo 23. Recollida separada de biorresiduos

1. É obrigatorio depositar a materia orgánica no interior dunha bolsa ou funda, pechadas e de material compostable certificado, salvo que a Deputación permita outra alternativa de depósito atendendo a criterios de calidade, eficiencia, saúde pública, económicos e/ou organizativos.
2. Os/as usuarios/as que se adherisen ao servizo de recollida selectiva de biorresiduos deben permitir a inspección dos servizos técnicos da Deputación de Ourense. Os datos da inspección poderán servir, de ser o caso, para verificar a aplicación da correspondente taxa reducida recollida na ordenanza fiscal de aplicación.
3. Os/as usuarios/as que realicen a entrega da fracción orgánica mediante colectores de uso exclusivo:
 - a. Farán a entrega nos días, horarios e localizacións establecidas pola Deputación de Ourense, sen dificultar o paso de peóns e/ou vehículos.
 - b. Os colectores deberán ser entregados coa tapa pechada e tratados e manipulados, tanto polas persoas usuarias do servizo como polo persoal de recollida, con coidado para evitar estragalos.
 - c. No caso de non retirar elementos de colectorización que incumpran as condicións de entrega ou no caso de presenza de residuos abandonados, e sen prexuízo da sanción por incumprimento dos puntos anteriores, a Deputación de Ourense poderá realizar un servizo de recollida e limpeza, cuxo custo quedará a cargo do infractor.
 - d. É responsabilidade do usuario asegurar que o colector se usa exclusivamente para a recollida de biorresiduos, evitar a presenza de impropios e previr verteduras incontroladas no colector de uso exclusivo.
4. No caso de recollida en colectores colectivos con dispositivo de identificación de usuarios/as, as bolsas deberán ser depositadas nos colectores con posterioridade á identificación do usuario, seguindo o calendario, o horario e as frecuencias de achega establecidas pola Deputación de Ourense.

5. Os biorresiduos que se xeren con motivo da celebración de eventos públicos poderán depositarse nos colectores habilitados para tal fin, segundo o establecido no artigo 42 desta ordenanza.

Artigo 24. Compostaxe de proximidade

1. A Deputación de Ourense promove a compostaxe de proximidade (doméstica e comunitaria) como unha vía complementaria de xestión da fracción orgánica.

2. O procedemento de adhesión á xestión mediante compostaxe e as condicións de funcionamento **quedan definidas no Anexo II desta ordenanza.**

3. A Deputación de Ourense apoiará a compostaxe en proximidade mediante asesoramento, achega de medios materiais, seguimento e, de ser o caso, a través da aplicación da correspondente taxa reducida recollida na Ordenanza fiscal de aplicación.

4. Só se permite a entrega de materia orgánica no punto de compostaxe doméstica ou comunitaria de forma directa, sen bolsa. Non está permitido o uso de residuos non biodegradables ou contaminantes.

5. Será obriga da persoa usuaria da compostaxe doméstica velar pola limpeza, o uso responsable e manter o bo estado de mantemento dos materiais que lle sexan asignados, así como polo correcto funcionamento do composteiro.

6. No caso da compostaxe comunitaria, o mantemento preventivo e correctivo da área e o control do proceso de elaboración do compost serán responsabilidade da Deputación de Ourense. Os participantes na compostaxe comunitaria deberán garantir a correcta separación e depósito dos biorresiduos no módulo habilitado para tal fin.

7. Os/as usuarios/as que se adhiran ao servizo de compostaxe doméstica deben permitir o acceso para a inspección do seu composteiro por parte dos servizos técnicos da Deputación de Ourense.

8. No caso de detectarse abandono ou pouco coidado da compostaxe, procederase a dar de baixa ao usuario da lista de adheridos, e deberán devolverse á Deputación de Ourense os materiais cedidos.

9. Os composteiros da compostaxe doméstica individual, en ningún caso, se instalarán no espazo público.

10. A localización dos composteiros comunitarios no espazo público deberá ser autorizada polo concello, xa que se situarán en terreos municipais, e consensuada cos servizos

técnicos da Deputación de Ourense.

Artigo 25. Recollida separada de residuos de medicamentos e dos seus envases

Os residuos de medicamentos (medicamentos caducados, en desuso ou restos de medicamentos), así como os residuos de envases, de calquera material, que os contivesen, deberán ser entregados polos seus posuidores nos puntos de recollida situados nas farmacias ou, no seu defecto, noutros puntos de recollida implantados, de ser o caso, por iniciativa dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de medicamentos.

Artigo 26. Recollida separada de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

1. Os posuidores de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos deberán depositalos da seguinte forma, para a súa recollida separada, de acordo co Real decreto 110/2015:

a) Nas instalacións dos distribuidores que ofrezan esta posibilidade, de acordo co establecido no artigo 22 do citado Real decreto.

b) Nos puntos limpos, fixos ou móbiles, regulados na sección 2ª do capítulo 2 deste título II, ou mediante calquera outro medio de recollida separada aplicado pola Deputación de Ourense, de acordo co previsto no artigo 19.2.a) do citado Real decreto.

c) Nos puntos de recollida habilitados polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, de acordo co establecido no artigo 25 do citado Real decreto.

d) Nos puntos de recollida habilitados polos xestores de residuos, de acordo co establecido no artigo 28 do citado Real decreto.

2. A Deputación de Ourense poderá subscribir acordos cos distribuidores que realicen actividades no municipio para que estes efectúen a entrega de residuos domésticos de aparellos eléctricos e electrónicos nos puntos limpos, de acordo coas datas, horarios e demais condicións que se establezan para tal fin.

3. Os posuidores de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos deberán extraer destes as pilas que resulten extraíbles sen a intervención dun profesional cualificado, e depositalas segundo o previsto no artigo 27 da presente ordenanza.

Artigo 27. Recollida separada de residuos de pilas e acumuladores

Os posuidores de residuos de pilas e acumuladores deberán depositalos da seguinte forma, para a súa recollida separada, de acordo co Real decreto 106/2008:

a) Nas instalacións dos distribuidores que ofrezan esta posibilidade, de acordo co

establecido no artigo 10.2 do citado Real decreto.

b) Nos puntos limpos, fixos ou móbiles, regulados na Sección 2.^a, ou mediante calquera outro medio de recollida separada aplicado pola Deputación de Ourense, de acordo co previsto nos apartados a) e b) do artigo 10.4 do citado Real decreto.

c) Nos puntos de recollida habilitados polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, de acordo co establecido no artigo 10.4.c) do citado Real decreto.

d) Nos puntos de recollida habilitados polos xestores de residuos, de acordo co establecido no artigo 10.4.d) do citado Real decreto.

Artigo 28. Recollida separada de aceites de cociña usados, de competencia local

1. Está prohibido verter aceites de cociña usados á rede de saneamento.

2. Os cidadáns depositarán os aceites de cociña usados xerados como consecuencia do consumo doméstico, en envases de plástico pechados, coas características de volume que se especifiquen no colector destinado para tal fin na vía pública:

a) No colector identificado para tal fin

b) No punto limpo, fixo ou móbil, dentro dos límites establecidos pola Deputación

c) Mediante a súa entrega a xestores de residuos previamente rexistrados e habilitados para tal fin conforme ás instrucións publicadas pola Deputación de Ourense.

3. Os titulares de restaurantes, bares, hoteis e outros servizos de restauración deberán dispor de colectores axeitados para o almacenamento de aceites de cociña usados de maneira separada do resto de residuos e entregalos a un xestor autorizado ou a un recollidor rexistrado que garanta a súa entrega a un xestor autorizado.

Non obstante, a Deputación poderá acordar a incorporación destes residuos ao sistema intermunicipal de recollida, mediante algunha das fórmulas previstas no artigo 5.2 da presente ordenanza, nese caso, os aceites vexetais usados entregaranse de acordo co establecido nos apartados 1 a 4 do artigo 19 desta ordenanza.

Artigo 29. Recollida separada de residuos e entullos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparación domiciliaria

1. Os cidadáns deberán depositar os residuos e entullos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias (entendéndose por tales os definidos no artigo 2.d do Real decreto 105/2008) en colectores ou sacos resistentes e

entregalos para a súa correcta xestión:

- a) Nos puntos limpos fixos, dentro dos límites establecidos pola Deputación de Ourense.
- b) A un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado, caso no que se aplicarán as seguintes determinacións:

- Se a recollida se realiza por empresas de distribución de materiais de construción que comercializan sacos co tratamento dos residuos incluído, estas terán a consideración de axentes, para os efectos do establecido na Lei 7/2022.

- En todo caso, as persoas ou entidades que realicen a recollida deberán contar coa habilitación da Deputación de Ourense.

2. Non obstante o establecido no apartado anterior, os residuos e entullos que conteñan amianto e os pararraios radioactivos retirados de domicilios particulares deberán entregarse a un xestor autorizado, de acordo co establecido na normativa sectorial correspondente.

Artigo 30. Recollida especial de animais domésticos mortos

1. Queda prohibido o abandono de animais mortos de calquera especie na vía pública ou en calquera clase de terreos do ámbito competencial desta ordenanza.

2. Os posuidores de animais domésticos mortos, tanto se se trata de cidadáns particulares como de clínicas veterinarias, deberán xestionar estes residuos mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado. Isto sen prexuízo da aplicación, cando proceda, das medidas previstas no Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais).

Artigo 31. Recollida separada de residuos voluminosos (residuos de mobles e aparellos) de competencia local

Os posuidores de residuos voluminosos (residuos de mobles e aparellos) deberán depositalos da seguinte forma para a súa recollida separada, de acordo co disposto na Lei 7/2022, e priorizando en todo caso os medios de recollida que fomenten a xestión destes residuos mediante a preparación para a reutilización:

- a) Mediante a solicitude do servizo especial de recollida.
- b) Mediante a súa entrega no punto limpo fixo regulado na Sección 2ª desta ordenanza,

dentro dos límites establecidos pola Deputación de Ourense.

c) Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado, previamente autorizados pola Deputación de Ourense, incluídas entidades de economía social sen ánimo de lucro.

d) Mediante a súa entrega a un punto de recollida habilitado polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, de ser o caso.

Artigo 32. Recollida especial de colchóns

1. Queda prohibido o abandono de colchóns na vía pública ou en calquera clase de terreos do termo municipal.

2. Os posuidores de colchóns que teñan a consideración de residuos domésticos deberán xestionar estes residuos dalgunha das seguintes formas:

a) Mediante a solicitude do servizo especial de recollida.

b) Mediante a súa entrega no punto limpo fixo regulado na Sección 2.^a desta ordenanza, dentro dos límites establecidos pola Deputación de Ourense.

c) Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado, previamente autorizados pola Deputación, incluídas entidades de economía social sen ánimo de lucro.

Artigo 33. Recollida especial de residuos vexetais, de competencia local, xerados nas actividades de sega, poda e outras actividades de xardinería

1. Os produtores de residuos vexetais xerados nas actividades de sega, poda e outras actividades de xardinería deberán xestionar estes residuos dalgunha das seguintes formas:

a) Mediante a súa entrega nos puntos limpos fixos ou móbiles que designe a Deputación de Ourense.

b) Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

c) Realizando o tratamento dos residuos por si mesmos, mediante a compostaxe doméstica, sempre que non ocasionen molestias ou malos cheiros aos veciños e que o comuniquen previamente á Deputación, para os efectos de cumprir coas obrigas establecidas na normativa aplicable e computar as cantidades de biorresiduos que se xestionaron mediante este método.

d) Mediante a solicitude do servizo especial de recollida, no caso de que a Deputación teña estableza este tipo de recollida para ditos residuos

2. O disposto neste artigo non se aplicará aos residuos xerados como consecuencia dos servizos municipais de xardinería, limpeza ou similares.

Artigo 34. Recollida de vehículos abandonados

1. Queda prohibido o abandono de vehículos en calquera tipo de terreo público.

2. O titular dun vehículo que teña intención de desprenderse del estará obrigado a entregalo a un centro autorizado para o tratamento de vehículos ao final da súa vida útil (CAT), ben directamente ou a través dunha instalación de recepción, e acreditar que o seu destino final foi un CAT, de acordo co establecido no artigo 5.1 do Real decreto 265/2021.

3. Para os efectos do disposto nesta Ordenanza, presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico, de acordo co parágrafo final do artigo 2 at) da Lei 7/2022 e co segundo parágrafo do artigo 3.d) do Real decreto 265/2021, nos seguintes casos:

a) Cando permaneza estacionado na vía pública por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que imposibiliten o seu desprazamento polos seus propios medios ou careza de placas de matrícula ou estas sexan ilexibles.

b) Cando se atope en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.

c) Cando transcorresen máis de dous meses desde que o vehículo fose depositado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

4. De acordo co establecido no artigo 5.2 do citado Real decreto 265/2021, a Deputación de Ourense, como posuidora do residuo, trala tramitación administrativa correspondente recollerá os vehículos abandonados en terreos públicos e entregarallos a un CAT para a súa descontaminación e tratamento, sen prexuízo do cumprimento da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

5. Nos supostos previstos no apartado 3.c) anterior e naqueles vehículos que, aínda presentando signos de abandono, manteñan a placa de matrícula ou calquera sinal ou marca visible que permita identificar ao seu titular, requirirase a este para que, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, se lle dea audiencia para que, no prazo de 15 días, retire o vehículo ou presente alegacións ao respecto, coa advertencia de que, transcorrido dito prazo, procederase á súa xestión como vehículo abandonado e á súa

retirada, segundo o establecido no parágrafo primeiro deste apartado 4.

6. Cando poidan identificarse os propietarios dos vehículos abandonados, esixiráselles o pagamento dos custos inherentes á recollida, entrega e xestión no CAT, con independencia das sancións que, de ser o caso, se lles poidan impoñer, de acordo co establecido na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Artigo 35. Recollida separada de residuos téxtiles (roupa, zapatos usados u outros téxtiles do fogar)

Os cidadáns deberán depositar obrigatoriamente os residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar) nalgún dos seguintes puntos, para a súa recollida separada, reutilización e valorización (incluíndo a preparación para a reutilización):

a) No colector sinalizado para tal fin situado na vía pública e posto á súa disposición, ben pola Deputación de Ourense, ben por entidades previamente autorizadas pola Deputación, sen prexuízo do cumprimento das demais esixencias recollidas na Lei 7/2022, en relación coa recollida e, de ser o caso, o tratamento dos residuos.

b) No punto limpo, fixo ou móbil, dentro dos límites establecidos pola Deputación de Ourense.

c) Nos locais de entidades públicas ou privadas, preferentemente entidades de economía social, sempre que estas entidades estean previamente autorizadas pola Deputación de Ourense para a recollida de roupa e zapatos usados, sen prexuízo do cumprimento das demais esixencias recollidas na Lei 7/2022, en relación coa recollida e, de ser o caso, o tratamento dos residuos.

d) No punto de recollida habilitado polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, de ser o caso.

Artigo 36. Recollida separada de residuos domésticos perigosos:

1. A Deputación de Ourense porá medios axeitados para que os cidadáns poidan depositar os residuos domésticos perigosos de forma separada:

a) No punto limpo, fixo ou móbil, dentro dos límites establecidos pola Deputación de Ourense.

b) Noutros medios ou instalacións expresamente habilitados ou autorizados pola Deputación de Ourense.

2. No marco das actuacións de información, sensibilización e educación desenvolvidas de acordo cos artigos 14 e 15 desta ordenanza, a Deputación proporcionará información aos cidadáns sobre a identificación e as características dos residuos regulados neste artigo, así como sobre a redución da súa xeración, a forma de depositalos nos colectores correspondentes e as vantaxes da súa recollida separada para minimizar os seus efectos sobre a saúde humana e o medio ambiente.

3. Se os medios e instalacións sinalados no apartado 1 anterior non estiveran dispoñibles, os residuos regulados neste artigo deberán ser depositados na forma e nos lugares que correspondan de acordo co establecido no título II desta ordenanza, en función do tipo de residuo de que se trate.

Artigo 37. Recollida de residuos non incluídos noutras fraccións (fracción resto)

1. Os produtores de residuos deberán depositar os residuos que non se recollen de forma separada noutras fraccións segundo o capítulo 2 do título II desta ordenanza, e que non se poden entregar nos puntos limpos, e que, polo tanto, se denominan “fracción resto”, nos colectores ou sistemas equivalentes identificados para tal fin, de uso colectivo ou de uso exclusivo (en concreto, o colector deberá estar identificado como de “fracción resto”, preferentemente de cor gris).

2. Particularmente, entre os residuos a depositar nesta fracción resto atópanse as cinzas e escouras xeradas como consecuencia de grellas e do funcionamento de caldeiras de biomasa ou carbón vexetal utilizadas en domicilios particulares. Queda prohibido o depósito destes residuos ata que estean totalmente arrefriados, así como o depósito de brasas incandescentes.

3. A fracción resto deberá depositarse en bolsas impermeables pechadas e suficientemente resistentes para impedir derrames.

Sección 2ª. Puntos limpos fixos e puntos limpos móbiles

Artigo 38. Características básicas dos puntos limpos

1. Os puntos limpos fixos son centros de recepción e almacenamento separado de residuos que non dispoñan dunha recollida selectiva doméstica específica, co obxectivo de garantir unha boa xestión priorizando a súa reutilización ou ben destinalos á preparación para a reutilización, valorización e/ou disposición final.

2. A rede de puntos limpos posta ao servizo pola Deputación de Ourense queda regulada mediante o regulamento do servizo. O horario de funcionamento está publicado na páxina web da Deputación de Ourense.

3. O Servizo de Punto Limpo móbil consiste na disposición de plataformas con colectores no espazo público ou de vehículos adaptados e identificados correspondentemente, que se localizan nun punto concreto nun horario e calendario determinados para que as persoas usuarias poidan entregar os residuos de forma separada.

Artigo 39. Residuos admitidos nos puntos limpos

1. A Deputación de Ourense terá á disposición dos/as usuarios/as, en todo momento, a relación de residuos admitidos no Punto Limpo, de acordo co regulamento de uso dos puntos limpos, publicado na páxina web da Deputación de Ourense. Poderán depositarse as seguintes fraccións de residuos domésticos:

a) Aceites de cociña usados.

b) Residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar).

c) Residuos de pilas e acumuladores, incluídas as baterías de chumbo-ácido.

d) Residuos voluminosos, como mobles e aparellos.

e) Residuos de construción e demolición de obras menores e reparacións domiciliarias, excepto os que conteñan amianto ou sexan radiactivos.

f) Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, incluídos residuos de lámpadas e luminarias.

g) Poda e outros residuos de xardinería.

h) Madeira.

i) Cristais, tales como vasos, pratos, copas, cristais de fiestras e portas.

j) Residuos de aerosois e sprays con produto.

k) Residuos de envases a presión.

l) Residuos de envases contaminados (por conter ou ter contido produtos con sustancias contaminantes como pinturas, vernices, disolventes, pesticidas, desatascadores, etc.).

m) Residuos domésticos perigosos.

n) Pneumáticos fóra de uso, depositados segundo o procedemento de recollida de pneumáticos fóra de uso en puntos limpos, de acordo co artigo 13 do Real decreto 1619/2005.

ñ) Metal de orixe doméstica.

o) Colchóns.

p) Outros residuos que, de forma expresa, determine a Deputación de Ourense no regulamento do servizo e nas normas de desenvolvemento da presente Ordenanza.

2. A Deputación de Ourense pon a disposición dos cidadáns un servizo de puntos limpos móbiles, nos que se poderán depositar os residuos domésticos que se determinen, coa frecuencia e localizacións que igualmente se establezan.

3. A Deputación de Ourense terá sempre a disposición dos cidadáns unha lista dos residuos que poderán depositarse nos puntos limpos fixos e, de ser o caso, nos puntos limpos móbiles, así como información sobre os horarios e días de funcionamento, volume máximo admitido e forma de depósito.

Artigo 40. Usuarios/as dos puntos limpos

1. O uso dos puntos limpos fixos e, de ser o caso, dos puntos limpos móbiles, para o depósito dos residuos enumerados no artigo anterior está reservado aos cidadáns particulares domiciliados ou que sexan titulares de vivendas nos municipio adheridos ao servizo intermunicipal de recollida en puntos limpos, sen prexuízo do disposto no apartado 2.b) seguinte.

2. Mediante as normas de desenvolvemento da presente Ordenanza, a Deputación de Ourense poderá establecer as seguintes determinacións en relación co uso dos puntos limpos e, de ser o caso, dos puntos limpos móbiles:

a) Limitar a cantidade máxima de residuos que se poidan depositar nunha soa entrega.

b) Autorizar o uso por parte de pequenas empresas ou autónomos, coa indicación das condicións, dos residuos concretos e da cantidade máxima autorizada a depositar.

c) Esixir acreditación documental, mediante calquera medio admitido en Dereito, de que os residuos a depositar proceden de orixe domiciliaria e, de ser o caso, para verificar a aplicación da correspondente taxa reducida recollida na ordenanza fiscal de aplicación.

CAPÍTULO 3. OBRIGAS DE CERTOS PRODUTORES DE RESIDUOS PARA PROMOVER A RECOLLIDA SEPARADA E A RECICLAXE DE ALTA CALIDA

Artigo 41. Separación en orixe de residuos de envases (e de papel cartón no envase) e biorresiduos no interior de establecementos comerciais e de servizos e instalacións industriais

1. De acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 20.3 e no primeiro parágrafo do artigo 25 da Lei 7/2022, os establecementos comerciais de carácter individual e colectivo do sector servizos, incluídos restaurantes, bares, hoteis e as instalacións industriais, nos que se xeren residuos de envases (e de papel-cartón no envase) incluídos no servizo intermunicipal de recollida (de acordo co disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 3 da presente ordenanza), deberán realizar obrigatoriamente a separación na orixe dos citados residuos, conforme ao sistema de segregación designado pola Deputación, no interior dos mencionados establecementos ou instalacións.

Esta obriga aplicarase tamén aos biorresiduos, de acordo co artigo 25.3 da Lei 7/2022.

2. Non obstante, exclúense da obriga recollida neste artigo as instalacións do sector servizos de carácter público que teñan implantado un réxime específico de separación de residuos de envases e biorresiduos no interior dos establecementos, de acordo coas súas propias normas de funcionamento.

3. Os establecementos comerciais de carácter colectivo deberán presentarlle á Deputación de Ourense un “Plan de separación para as distintas fraccións de recollida separada obrigatoria” asinado por todos os locais ou puntos de venda instalados no interior do recinto do citado establecemento.

4. Para o cumprimento da obriga sinalada nos apartados anteriores, o establecemento comercial deberá dispoñer, no interior dos citados locais ou puntos de venda, de colectores específicos, ou de medios materiais suficientes, ou outra medida ou procedemento similar, co obxectivo de garantir que, no exercicio ordinario da actividade, poida realizarse a separación e o depósito dos residuos sinalados no apartado 1, de maneira diferenciada do resto dos residuos que se xeren.

Para os efectos anteriores, a separación dos residuos sinalados no apartado 1 deberá levarse a cabo de tal modo que a súa posterior entrega nos colectores, ou sistemas equivalentes, de recollida separada habilitados para o efecto no recinto ou nas proximidades, poida realizarse de maneira directa, sen necesidade de realizar ningunha

outra separación posterior.

No caso dos establecementos con recollida separada de biorresiduos, estes deberán depositarse en bolsas compostables ou nos medios de depósito facilitados pola Deputación de Ourense e, na medida do posible, salvo que a Deputación permita outra alternativa de depósito atendendo a criterios de calidade, eficiencia, saúde pública, económicos e/ou organizativos.

5. Nas normas de desenvolvemento desta ordenanza poderase acordar a aplicación das obrigas reguladas neste artigo a outros residuos, ademais dos recollidos no apartado 1.

6. Os concellos en cuxo termo municipal resulte de aplicación esta ordenanza incluírán as obrigas recollidas neste artigo no outorgamento dos títulos habilitantes que en cada caso poidan ser necesarios para o exercicio da actividade correspondente.

Artigo 42. Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos

1. Cando se pretenda organizar un evento público de carácter puntual que implique unha concentración dun elevado número de persoas, o organizador do dito evento deberá comunicarse, con suficiente antelación, coa Deputación de Ourense para coordinar, definir e dimensionar correctamente os medios e a disposición destes para atender as necesidades.

2. De acordo co establecido no artigo 7.6 do Real decreto 1055/2022, os promotores de eventos públicos, tanto os que contén co apoio das administracións públicas no patrocinio, na organización ou en calquera outra fórmula, como os organizados polo sector privado, deberán implantar alternativas á venda e distribución de bebidas en envases e vasos dun só uso, garantindo ademais o acceso á auga potable non envasada.

3. As medidas reguladas neste apartado aplicaranse con motivo da celebración de calquera dos eventos públicos definidos no artigo 3.f) da presente ordenanza.

4. Os concellos en cuxo termo municipal resulte de aplicación esta ordenanza incluírán as obrigas recollidas neste artigo no outorgamento dos títulos habilitantes que en cada caso poidan ser necesarios para o exercicio da actividade correspondente.

TÍTULO III. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO 1. RESPONSABILIDADE, VIXILANCIA, INSPECCIÓN E CONTROL

Artigo 43. Responsabilidade

1. As accións ou omisións que supoñan o incumprimento do establecido nesta ordenanza

darán lugar á responsabilidade de natureza administrativa, sen prexuízo de que igualmente puidese esixirse en vía civil ou penal.

Para os efectos anteriores, as responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza serán esixibles aos suxeitos responsables, non só polos actos propios, senón tamén polos das persoas das que deban responder e polo proceder dos animais dos que sexan titulares.

2. Cando existan varios responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade será esixida solidariamente.

3. Cando se trate de obrigas colectivas, tales como o uso, conservación e limpeza de colectores ou recipientes normalizados ou o uso das áreas de compostaxe, a responsabilidade será atribuída á entidade respectiva á que se lle teña asignada a obriga, como pode ser o caso, entre outras, das comunidades de propietarios dun inmovible.

Artigo 44. Vixilancia e inspección

1. O exercicio das funcións de inspección e vixilancia do cumprimento do disposto na presente ordenanza corresponderá o persoal que teña atribuídas estas funcións, así como os axentes da policía local. Todos eles, no exercicio das súas funcións inspectoras, terán a consideración de axentes da autoridade. Os feitos que constate o persoal de inspección gozarán da presunción de certeza a efectos probatorios.

2. O persoal mencionado no apartado anterior, no exercicio das súas funcións inspectoras, terá a condición de axente da autoridade, e estará facultado para acceder sen aviso previo ás instalacións, establecementos ou fogares onde se desenvolvan actividades reguladas nesta ordenanza, así como para inspeccionar o contido dos distintos sistemas de recollida de residuos, tales como colectores e bolsas de lixo. Para tal efecto poderá:

a) Practicar as actuacións necesarias para comprobar o cumprimento da normativa local en materia de residuos.

b) Tomar ou retirar as mostras e fotografías necesarias para a comprobación.

c) Realizar todas as actuacións necesarias para o cumprimento da inspección que efectúen.

d) Examinar a documentación relativa ás operacións relevantes na actividade con incidencia ambiental.

3. As persoas ou entidades visitadas, a requirimento do persoal de inspección e/ou comunicación, deben:

- a) Atender as explicacións e indicacións do persoal de inspección e/ou comunicación.
 - b) Proporcionar toda a información sobre instalacións, produtos ou servizos relativos ao obxecto desta ordenanza.
 - c) Permitir que se practique a toma de mostras ou fotografías oportunas, se fora necesario.
 - d) Permitir ao persoal de inspección e/ou comunicación a comprobación directa de calquera acción relacionada coa súa función derivada desta ordenanza.
4. O persoal de inspección está autorizado pola Deputación de Ourense para realizar a identificación e apertura de bolsas ou outros elementos con residuos abandonados na vía pública ou fóra dos elementos de achega ou colectorización ou das áreas de compostaxe comunitaria, así como para inspeccionar o contido dos residuos depositados dentro dos colectores e composteiros. A detección destas prácticas, atribuíble a un usuario doméstico ou comercial mediante algún elemento que permita a clara identificación do usuario en cuestión, poderá dar lugar á emisión dunha proposta de medida sancionadora, en base á cal a Deputación de Ourense levará a cabo as actuacións que considere axeitadas ao caso.
5. Cando, no exercicio das súas funcións, o servizo de inspección constata actuacións ou feitos que puideran ser constitutivos de infracción, tanto administrativa como penal, levantarase o correspondente boletín de denuncia ou acta, ou no seu caso o atestado policial, no que se recollerán os seguintes datos:
- a) Data, hora e localización da inspección.
 - b) Circunstancias observadas da persoa que presuntamente comete a infracción.
 - c) Descrición de todas as circunstancias e feitos constatados necesarios e suficientes para establecer as bases da incoación do procedemento administrativo sancionador e a correcta tipificación da infracción, de acordo co establecido nesta ordenanza, ou no seu caso, a depuración das responsabilidades penais existentes.
 - d) Proba gráfica dos feitos, sempre que sexa posible.
6. As visitas de inspección efectuadas formalizaranse en actas de inspección asinadas polo persoal inspector actuante, das que se entregará copia á persoa denunciada, sempre que sexa posible; estas actas reunirán os requisitos da lexislación vixente, gozarán de presunción de veracidade e valor probatorio, sen prexuízo das demais probas que as persoas interesadas poidan achegar en defensa dos seus dereitos e intereses.
7. As tarefas do persoal de inspección inclúen a comunicación á Deputación das posibles

incidencias que poidan xurdir na vía pública ou nas actividades económicas, relacionadas cos elementos de achega, o mobiliario de recollida, os residuos achegados ou abandonados, ou outros actos incívicos do servizo. Así mesmo, este persoal poderá realizar un seguimento da participación dos/as usuarios/as no servizo, mediante traballo de campo e a información xestionada coa plataforma TIC.

8. A Deputación de Ourense poderá designar persoal auxiliar dos inspectores municipais para o exercicio de funcións de apoio, xestión e colaboración, baixo a dirección e supervisión técnica do funcionario ou inspector responsable ao que estean adscritos.

Artigo 45. Deber de colaboración

Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente ordenanza deberán, de acordo coa normativa aplicable, facilitar e permitir ao persoal referido no artigo anterior, no exercicio das súas funcións de inspección, o acceso ás citadas instalacións, así como prestarlles colaboración e facilitarlles a documentación necesaria para o exercicio desas labores de inspección.

CAPÍTULO 2. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Artigo 46. Infraccións

1. Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente ordenanza, así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica reguladora das materias incluídas, sen prexuízo de que os preceptos desta ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.

2. As infraccións tipificadas na presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo co establecido na lexislación de residuos e na de réxime local.

Artigo 47. Infraccións leves

Considéranse infraccións leves:

a) Sacar os colectores á vía pública para a súa recollida polo servizo público en horarios e lugares distintos aos establecidos pola Deputación de Ourense.

b) Incumprir os horarios de depósito e entrega de residuos.

c) Depositar, en lugares distintos ás papeleiras instaladas para tal fin nos espazos públicos, residuos de pequeno volume como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascás e desperdicios similares.

- d) Manipular colectores ou o seu contido, así como envorcar ou arrincar papeleiras ou outros tipos de colectores, ou desprazalos das súas localizacións.
- e) Utilizar os colectores para fins distintos aos previstos na presente ordenanza.
- f) Incumprir as obrigas previstas nos artigos 16.2 e 16.3 da presente ordenanza.
- g) Utilizar un colector de uso exclusivo sen a previa autorización da Deputación de Ourense, incumprindo o disposto nos artigos 16.2 e 16.4 da presente ordenanza.
- h) O incumprimento por parte dos produtores e/ou posuidores de residuos comerciais non perigosos do disposto no artigo 8.1 da presente ordenanza.
- i) A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.
- j) Danar ou vandalizar os bens postos ao servizo da xestión de residuos municipais, incluíndo colectores, papeleiras, vehículos de recollida, instalacións ou calquera outro elemento destinado á prestación do servizo público de xestión de residuos
- k) Declarar que se está realizando a compostaxe doméstica ou comunitaria sen que esta práctica se leve a cabo realmente, incumprindo os requisitos ou condicións establecidas pola Deputación de Ourense
- l) Declarar que se realiza a recollida separada de biorresiduos sen cumprir realmente esta obriga, incumprindo as condicións establecidas na presente Ordenanza ou nas normas de desenvolvemento correspondentes.

Artigo 48. Infraccións graves

Considéranse infraccións graves:**

- a) O abandono ou vertedura incontrolada na vía pública ou en lugares distintos aos especificados pola Deputación, de calquera tipo de residuos municipais, incluído o lixo disperso, sen que se poña en grave perigo a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
- b) A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control da Deputación, así como o incumprimento das obrigas de colaboración previstas no artigo 44 desta ordenanza.
- c) A entrega, venda ou cesión de residuos de competencia local, non perigosos, a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas na presente ordenanza, así como a aceptación destes residuos en condicións distintas ás previstas.

- d) O incumprimento da obriga de proporcionar documentación, así como a ocultación ou falseamento de datos esixidos pola normativa aplicable.
- e) O incumprimento das obrigas de separación na orixe, no interior dos establecementos, establecidas no artigo 41 desta ordenanza.
- f) O incumprimento das obrigas de separación na orixe de residuos de envases, de residuos de papel-cartón non envases e de biorresiduos, en eventos públicos, establecidas no artigo 37 desta ordenanza.
- g) A deposición de residuos en colectores de resto distintos aos asignados para os establecementos comerciais adheridos ao servizo de recollida mediante colector de uso exclusivo.
- h) A extracción, rebusca ou recollida de residuos unha vez postos á disposición dos servizos municipais na forma establecida nesta ordenanza.
- i) A entrega de residuos domésticos e comerciais non perigosos contravindo o disposto nesta ordenanza, conforme ao establecido no artigo 20.3 da Lei 7/2022, sempre que non se perturbe gravemente a saúde e hixiene públicas, a protección do medio ambiente ou a seguridade dos consumidores.
- j) O depósito de residuos en colectores ou puntos de recollida distintos aos identificados para cada fracción de residuos ou contravindo o disposto na presente ordenanza.
- k) A comisión dalgunha das infraccións sinaladas como moi graves cando, pola súa escasa contía ou entidade, non mereza esta cualificación de moi grave.

Artigo 49. Infraccións moi graves

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- a) O abandono ou vertedura incontrolada na vía pública ou en lugares distintos aos especificados pola Deputación, de calquera tipo de residuos municipais, cando se poña en grave perigo a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
- b) A entrega, venda ou cesión de residuos perigosos de competencia local a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas na presente ordenanza, así como a aceptación destes residuos en condicións distintas ás previstas.
- c) A entrega de residuos domésticos e comerciais non perigosos que contraveñan o disposto nesta ordenanza, conforme ao establecido no artigo 20.3 da Lei 7/2022, sempre

que se perturbe gravemente a saúde e hixiene públicas, a protección do medio ambiente ou a seguridade dos consumidores.

d) Calquera das condutas tipificadas nos apartados d) e g) do artigo anterior como graves, cando como consecuencia delas se produzan:

- Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable, ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nas infraccións tipificadas na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

- O impedimento do uso do servizo de recollida ou doutro servizo público, por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo de recollida ou doutro servizo público.

- Ameazar, coaccionar ou agredir ao persoal do servizo, incluídos traballadores e inspectores, no exercicio das súas funcións, cando este comportamento poida comprometer a súa seguridade ou dificultar o desenvolvemento do servizo.

e) Depositar produtos perigosos ou contaminantes, tales como substancias tóxicas, inflamables ou corrosivas, en bolsas de lixo, áreas de compostaxe ou outros elementos de achega que non estean especificamente habilitados para tales residuos, comprometendo a saúde pública, a protección do medio ambiente ou o bo funcionamento do sistema de recollida.

h) O incumprimento reiterado da obriga de pagamento da taxa de residuos, cando este feito afecte de maneira grave ao funcionamento e sostibilidade do servizo de xestión de residuos.

Artigo 50. Sancións

Sancións aplicables ás infraccións tipificadas nos artigos 47 a 49:

1. No caso de infraccións leves:

a) Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados b) e c) do artigo 47: multa de ata 2.000 euros.

b) No resto de infraccións leves: multa de ata 750 euros.

2. No caso de infraccións graves:

a) Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b), c), e), f), h) e i) do artigo 48: multa desde 2.001 euros ata 100.000 euros, excepto no caso de residuos domésticos perigosos, onde a multa será desde 20.001 euros ata 600.000 euros.

b) No resto de infraccións graves: multa de ata **1.500 euros**.

3. No caso de infraccións moi graves:

a) Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b) e c) do artigo 49: multa desde 100.001 euros ata 3.500.000 euros, excepto no caso de residuos perigosos, onde a multa será desde 600.001 euros ata 3.500.000 euros.

b) No resto de infraccións moi graves: multa de ata 3.000 euros.

4. Cando así estea previsto na lexislación aplicable, poderanse substituír todas ou algunha das sancións económicas especificadas nos apartados anteriores por traballos en beneficio da comunidade (como tarefas de limpeza de espazos públicos), asistencia obrigatoria a cursos de formación, a sesións individualizadas ou calquera outra medida alternativa que teña como finalidade sensibilizar ao infractor sobre as normas de conduta no espazo urbano.

Esta última disposición proporciona unha opción educativa ou correctiva en lugar dunha sanción puramente económica, promovendo un maior impacto positivo no comportamento futuro do infractor.

5. As persoas físicas ou xurídicas que foran sancionadas por infraccións graves ou moi graves mediante resolución firme derivadas do incumprimento desta lei non poderán obter subvencións, nin outro tipo de axudas da Administración pública competente para a imposición da sanción ata ter cumprida esta e, no seu caso, ter executadas as medidas de reparación e indemnización de danos ambientais e os prexuízos causados, de acordo co establecido no artigo 109.4 da Lei 7/2022.

Artigo 51. Obriga de reposición

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso corresponda, o infractor deberá reparar o dano causado, repoñendo a situación alterada ao seu estado orixinario.

2. Se o infractor non reparase o dano causado no prazo sinalado ou persistise na conduta que deu lugar á infracción, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 52 (multas coercitivas) da presente

ordenanza.

3. Así mesmo, en caso de incumprimento, a dita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria pola Deputación, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os custos orixinados polas actuacións que se van realizar serán con cargo ao suxeito responsable da infracción, esixíndolle, de ser o caso, a indemnización que corresponda polos danos e prexuízos ocasionados.

Artigo 52. Multas coercitivas

No caso de incumprimento da obriga de reposición, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido nos apartados 1 e 2 do artigo 117 da Lei 7/2022.

A contía de cada unha destas multas non poderá superar un terzo da multa fixada pola infracción cometida.

Artigo 53. Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións prescribirán nos seguintes prazos:

a) As infraccións leves: cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados b) e c) do artigo 47, ao ano; o resto de infraccións leves, aos seis meses.

b) As infraccións graves: cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b), c), e), f), h) e i) do artigo 48, aos tres anos; o resto de infraccións graves, aos dous anos.

c) As infraccións moi graves: cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b) e c) do artigo 49, aos cinco anos; o resto das infraccións moi graves, aos tres anos.

2. As sancións impostas prescribirán nos seguintes prazos:

a) As impostas por infraccións leves: ao ano.

b) As impostas por infraccións graves: cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b), c), e), f), h) e i) do artigo 48, aos tres anos; o resto das infraccións graves, aos dous anos.

c) As impostas por infraccións moi graves: cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b) e c) do artigo 49, aos cinco anos; o resto das infraccións moi graves, aos tres anos.

1. DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas as ordenanzas municipais dos concellos delegantes, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que regulen materias contidas na presente ordenanza, no seu ámbito de aplicación, en canto se opoñan ou contradigan ao contido desta.

2. DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Habilitación de desenvolvemento

A Presidencia, no exercicio das súas competencias, poderá interpretar, aclarar e desenvolver os artigos desta ordenanza sen prexuízo da atribución destas competencias a outros órganos de goberno, de acordo coa normativa de réxime local.

3. DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor

Esta ordenanza entrará en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I

CONDICIÓNES ESPECIAIS DE SERVIZO PARA A XESTIÓN DE CONTEDORES DE USO EXCLUSIVO PARA A FRACCIÓN RESTO (USUARIOS/AS COMERCIAIS) (Ordenanza provincial reguladora da prestación do Servizo intermunicipal de recollida, transporte e eliminación de residuos de competencia local prestado pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada)

1. Obxecto e finalidade do servizo

Este documento regula a utilización de contedores de uso exclusivo da fracción resto para usuarios/as comerciais, de acordo coa “Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local” e coa “Ordenanza provincial reguladora da prestación do servizo intermunicipal de recollida, transporte e eliminación de residuos de competencia local prestado pola Deputación de Ourense en réxime de competencia delegada” vixentes.

Esta modalidade soamente é de aplicación a aqueles usuarios comerciais que estean adheridos ao servizo público provincial.

Estas condicións de servizo teñen como finalidade fomentar a correcta separación dos residuos, facilitar o control dos residuos mesturados e instaurar de xeito progresivo un modelo de pago por xeración (“quen contamina, paga”), comezando por aqueles establecementos que realicen de maneira axeitada a separación en orixe e xestión

adecuada de cada unha das fracción esixidas no artigo 25.2 da “Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular”.

A presentación da solicitude non implica a concesión automática desta modalidade. A adhesión quedará supeditada á verificación do cumprimento dos requisitos e á resolución administrativa que proceda, atendendo aos criterios de eficiencia, organización, accesibilidade, saúde e seguridade do servizo.

2. Ámbito de aplicación e requisitos de adhesión

O ámbito de aplicación será o da Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local”.

Os requisitos de adhesión serán os seguintes:

- Os establecementos comerciais que se encontren no ámbito territorial no que a Deputación de Ourense presta o servizo de residuos en réxime de competencia delegada.
- Aqueles usuarios comerciais que elixiran usar o servizo público provincial é dicir, que non optaran por entregar os seus residuos a xestor privado.
- Que presenten o modelo de solicitude da Deputación de Ourense, correctamente cuberta, achegando toda a documentación xustificativa que se esixe.
- E, que demostren ou acrediten que están a xestionar separadamente, todas e cada una das fraccións de residuos de competencia local, en calquera das modalidades permitidas nas ordenanzas en vigor (incluída por exemplo, a fracción orgánica, en caso de que se xere pola actividade).

A Deputación poderá requirir documentación complementaria e realizar actuacións de verificación. No caso de que a documentación achegada non permita validar unha estimación de xeración de fracción resto acorde co volume/número de contedores solicitados, a Deputación poderá asignar un volume/número de contedores acorde coa actividade e co funcionamento do servizo, e revisar a asignación tras as comprobacións que procedan.

3. Frecuencia e modo de recollida

A frecuencia e o calendario de recollida serán os que estableza e comunique a Deputación de Ourense para cada zona e período do ano, en función de criterios técnicos e organizativos do servizo.

Con carácter xeral, a frecuencia de recollida para o fluxo de resto nos contedores de uso exclusivo será:

- En concellos de máis de 1.500 habitantes: de unha vez por semana (1 vez/semana) e unha recollida de resto de dúas veces por semana, no período de verán definido pola Deputación de Ourense.
- En concellos de menos de 1.500 habitantes: unha vez por semana (1 vez/semana)

O modo de recollida consistirá en que o usuario/a deberá depositar o contedor na porta do establecemento, en vía pública ao de acceso público cos camións de recollida de residuos, o día da semana e no rango (mañá/tarde) que se lle comunique e que estableza a Deputación de Ourense. Unha vez realizada a recollida, o contedor deberá retirarse antes de que transcorran 8 horas desde o seu baleirado, gardándoo no interior do establecemento ou no lugar autorizado.

4. Obrigas e responsabilidades

Son responsabilidades do establecemento comercial:

- Depositar unicamente residuos da fracción resto no contedor exclusivo asignado para este fluxo e cumprir coa separación selectiva do resto de fraccións, quedando absolutamente prohibido o emprego de contedores de proximidade de uso colectivo.
- Manter o contedor en bo estado de limpeza e conservación e comunicar á Deputación de Ourense calquera incidencia asociada ao mesmo ou ao servizo (roturas, subtracción, etc.).
- Permitir as inspeccións que a Deputación de Ourense considere necesarias para verificar o cumprimento das condicións de separación dos residuos.
- No caso de que o contedor asignado non dispoña de capacidade suficiente, o establecemento deberá reter os residuos no interior ata a seguinte recollida ou solicitar a modificación do número/volume de contedores. En ningún caso poderá empregar contedores de resto de uso colectivo como alternativa.
- Utilizar o contedor de uso exclusivo unicamente para o establecemento ao que foi asignado, quedando prohibida a súa cesión, intercambio ou utilización por terceiros.

- Non manipular, retirar, alterar ou inutilizar os elementos de identificación, control ou seguimento que poidan incorporarse ao contedor pola Deputación de Ourense, nin modificar as súas características técnicas

Son obrigas da Deputación de Ourense:

- Facilitar os detalles sobre os calendarios de recollida e o rango horario exacto de depósito e atender consultas e xestións administrativas relacionadas coa solicitude, modificación ou baixa do servizo.
- Garantir a recollida nos días e frecuencias anunciados, agás adaptacións técnicas xustificadas.

5. Réxime de taxas

O importe da taxa basearase, entre outros aspectos, no volume do contedor asignado e na localización do establecemento, de acordo coa “Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local” vixente.

O número e volume do contedor ou contedores serán os determinados na resolución que estableza a aplicación desta modalidade, logo da comprobación/validación da información achegada e, de ser o caso, das actuacións de verificación e inspección que procedan, así como do trámite de audiencia previa. O volume finalmente asignado poderá diferir do solicitado cando así resulte necesario para axustar o servizo á produción real acreditada e garantir o correcto funcionamento e seguridade do servizo.

De xeito complementario, poderanse aplicara outras tarifas reducidas aprobadas na Ordenanza fiscal en vigor, a aqueles usuarios/as comerciais que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos.

6. Modificación ou baixa do servizo

O usuario ou usuaria poderá solicitar un cambio no número ou no volume de contedores cando, incluso a baixa nesta modalidade, en función das súas necesidades, a través das formas previstas pola Lei 39/2015.

En caso de incumprimento das condicións de uso, a Deputación de Ourense poderá revogar a adhesión a este réxime de contedores de uso exclusivo e aplicar a taxa xeral que

corresponda, consonte o disposto na Ordenanza Fiscal, independentemente das medidas correctoras ou sancións que correspondan.

A Deputación de Ourense poderá, se se acredita que o incumprimento se debe a unha falta de capacidade real, obrigar ao incremento do volume ou do número de contedores para axustar o servizo ás necesidades do produtor.

Son casos de incumprimento do correcto uso deste servizo:

- A incorrecta separación da fracción orgánica (FORM) ou doutras fraccións que requiran recollida selectiva, de acordo coa Ordenanza Reguladora en vigor.
- O depósito no contedor de resto, de materiais potencialmente valorizables, como biorresiduos, envases lixeiros, papel-cartón, vidro, residuos perigosos, residuos voluminosos, téxtil, aceite usado, pilas, RAEE ou calquera outra fracción con xestión separada recollida na Ordenanza Reguladora en vigor.
- A deposición de residuos en contedores de resto distintos aos asignados para o establecemento adherido ao servizo de recollida mediante contedor de uso exclusivo.
- Depositar residuos fóra do contedor ou exceder a capacidade do contedor (superior ao 100% do seu volume) que impida o peche correcto da tapa.
- Sacar o contedor á vía pública con maior frecuencia da estipulada nestas condicións do servizo.
- Manter o contedor con tapa aberta, en mal estado de limpeza ou sen as condicións mínimas de mantemento.
- Impedir o acceso as instalación para a inspección e vixilancia do cumprimento das obrigas estipuladas.
- A ocultación, inexactitude relevante ou falseamento dos datos achegados na solicitude, ou da documentación presentada para acreditar a xestión separada.

7. Vixencia, contacto e notificacións

Estas condicións terán efecto mentres persista a adhesión voluntaria ao servizo por parte do usuario ou usuaria comercial ou a obrigatoriedade establecida pola Deputación de Ourense, sen prexuízo das revisións periódicas de tarifas e condicións.

Para calquera dúbida, incidencia ou tramitación administrativa, o usuario ou usuaria disporá dos seguintes canais:

De forma presencial, mediante instancia no rexistro xeral da Deputación de Ourense, situada no Pazo Provincial (de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas, e os sábados, en horario de 9 a 13:30 horas) ou ben telematicamente, a través da sede electrónica da mesma, todos os días do ano e a calquera hora.

Igualmente, poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, se algún destes interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para o efecto, en cumprimento do artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposicións finais

A adhesión a este servizo implica a aceptación de todas as presentes condicións, así como das contidas na Ordenanza Reguladora do Servizo e na Ordenanza Fiscal vixentes da Deputación de Ourense.

ANEXO II

CONDICIÓN ESPECIAIS DE SERVIZO PARA A XESTIÓN DA COMPOSTAXE DE PROXIMIDADE (USUARIOS/AS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS) (Ordenanza provincial reguladora da prestación do Servizo intermunicipal de recollida, transporte e eliminación de residuos de competencia local prestado pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada)

1. Obxecto e finalidade do servizo

A Deputación de Ourense pon á disposición dos fogares (vivendas) ou das actividades comerciais, un servizo de compostaxe (individual ou comunitaria) como vía alternativa para a xestión dos biorresiduos, nas zonas rurais do ámbito de aplicación da “Ordenanza provincial reguladora da prestación do Servizo intermunicipal de recollida, transporte e eliminación de residuos de competencia local prestado pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada”, que estea en vigor.

A finalidade deste servizo é favorecer a prevención na xeración de residuos, fomentar a separación en orixe e promover a valorización do material orgánico, en cumprimento do disposto na lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Así mesmo, este servizo busca facilitar a aplicación de políticas de pago por xeración (taxa reducida) para aqueles usuarios domésticos ou comerciais que cumpran os requisitos técnicos e de participación efectiva.

2. Ámbito de aplicación e requisitos de adhesión

2.1 Ámbito territorial: o servizo de compostaxe en proximidade ofértase, de forma paulatina, nos concellos adheridos ao modelo de recollida xestionado pola Deputación de Ourense. Por razóns técnicas e de dispoñibilidade de recursos, a implantación farase de xeito progresivo e non simultáneo en todos os municipios, nin para todos os usuarios.

2.2 Requisitos de adhesión:

- Ter a condición de vivenda ou a actividade comercial situada nun municipio, onde a Deputación de Ourense teña delegada prestación íntegra do servizo de residuos de competencia local.
- Dispoñer dun espazo apropiado para a instalación dun composteiro individual (propiedade privada) ou ter unha vivenda localizada dentro da área de influencia dun composteiro comunitario, no suposto de compostaxe comunitaria.
- Comprometerse a realizar a achega de materia orgánica nas condicións técnicas e frecuencia definida, sen mesturar residuos non biodegradables ou contaminantes.
- Que presenten o modelo de solicitude da Deputación de Ourense, correctamente cuberta, achegando toda a documentación xustificativa que se esixe.

3. Modo de realización ou condicións da compostaxe individual e comunitaria

3.1 Compostaxe individual:

- Materiais necesarios: composteiro individual, aireador ou ferramenta semellante, así como recipientes de recollida.
- Modo de depósito: realizar a achega directa da fracción orgánica (sen bolsa) no composteiro, evitando materiais non biodegradables. Recoméndase mesturar, na mesma proporción, con restos secos ou estruturante para manter unha relación carbono-nitróxeno axeitada.

- Mantemento: efectuar revisións periódicas da humidade, temperatura e oxixenación (volteo), así como manter limpos e en bo estado os elementos facilitados pola Deputación de Ourense.
- Localización do composteiro: debe estar situado sobre terro natural en propiedade privada e en lugar accesible para as inspeccións ou comprobacións dos servizos técnicos da Deputación.
- As persoas ou as actividades comerciais acollidas a compostaxe doméstica non poderán entregar os biorresiduos ao servizo de recollida e deberán facilitar á entidade os datos que lle sexan solicitados en relación con esta actuación.
- A Deputación de Ourense resérvase o dereito de retirar os composteiros facilitados pola administración aos usuarios/as que incumpran as directrices de participación establecidas.

3.2 Compostaxe comunitaria:

- Localización: os composteiros comunitarios situaranse en terreos municipais, logo da autorización do concello e en coordinación cos servizos técnicos da Deputación de Ourense.
- Cada usuario disporá dunha chave nominativa para a apertura dos módulos da área de compostaxe e deberá depositar directamente os seus biorresiduos no módulo habilitado (sen bolsa).
- Participación: recoméndase que cada participante realice un mínimo de achegas anuais (96 aperturas/ano), con fin de manter o equilibrio do proceso e poder acreditar a súa contribución á compostaxe.
- A Deputación de Ourense asumirá o mantemento e seguimento técnico do proceso (control de temperatura, humidade e aireación) e realizará o reparto de material estruturante nas instalacións de compostaxe públicas, asegurando o seu abasto.

4. Obrigas e responsabilidades

4.1 Obrigas dos usuarios adheridos:

- Facer un uso correcto dos composteiros individuais, botando biorresiduos dos fogares ou das actividades comerciais, é dicir, materia orgánica apta para compostar (residuos alimentarios das cociñas e vexetais).
- Botar a mesma parte de estruturante, en cantidade, que de residuos alimentarios de cociña.

- Manter en bo estado e limpos os materiais cedidos, no caso de compostaxe individual.
- Manter en bo estado e limpas as áreas de compostaxe, no caso de compostaxe comunitaria.
- Permitir as inspeccións e comprobacións que realicen os servizos técnicos da Deputación de Ourense.
- Garantir a correcta separación en orixe, evitando impropios ou residuos non biodegradables.
- No poderán entregar os biorresiduos (cociña ou horta) ao servizo de recollida intermunicipal.

4.2 Obrigas da Deputación de Ourense:

- Facilitar, na medida do posible e de forma progresiva, os medios materiais (composteiros, aireadores, etc.) e o asesoramento técnico para a posta en marcha e seguimento do proceso.
- Supervisar e verificar a calidade do compós e o cumprimento dos requisitos de participación, a través de inspeccións periódicas.
- Aplicar a taxa reducida correspondentes aos fogares ou actividades comerciais, que realicen algunha das fórmulas de autocompostaxe de maneira efectiva, conforme ao regulado na ordenanza fiscal.
- Tramitar as baixas de oficio en caso de incumprimento ou abandono, así como a posterior reclamación dos materiais cedidos.

5. Réxime de taxas

5.1 Aplicación do pago por xeración:

- Para os usuarios domésticos: segundo o disposto na ordenanza fiscal vixente, aplicarase unha redución do 30% na cota tributaria ás vivendas que realicen compostaxe individual ou participen nun programa de compostaxe comunitaria de maneira efectiva.
- Para os usuarios comerciais: segundo o disposto na ordenanza fiscal vixente, aplicarase unha redución do 20% na cota tributaria ás actividades comerciais que realicen xestión selectiva adecuada da fracción orgánica, optando por fórmulas de xestión en proximidade ou se adhiran á recollida específica de grades produtores de biorresiduos.

5.2 Condicións para a redución de cota:

- Cumprir o esixido na ordenanza e realizar o trámite correspondente de solicitude (soamente na alta inicial, ou tras unha baixa voluntaria ou de oficio, cando os servizos técnicos ou de inspección informen un resultado negativo).
- Acreditar a adhesión e o correcto funcionamento do composteiro (individual ou comunitario), coa achega de materia orgánica nas condicións técnicas establecidas.
- Superar satisfactoriamente as inspeccións ou verificacións anuais da Deputación de Ourense (comprobación de achegas, temperaturas, humidade, ausencia de impropios, etc.).
- Non interromper ou abandonar a práctica da compostaxe; en caso contrario, perderase o dereito á redución.
- Permitir o acceso ao composteiro, no caso de compostaxe individual, e realizar un número de aportes mínimos ao ano, no caso de compostaxe comunitaria.

5.3 Retirada da redución: no suposto de incumprimento, negativa á inspección ou abandono, a Deputación de Ourense poderá retirar a redución, aplicando a cota xeral correspondente.

6. Modificación ou baixa do servizo

6.1 Modificación das condicións:

- os usuarios domésticos poden solicitar cambios na súa modalidade de compostaxe (de individual a comunitaria ou viceversa), unicamente nos casos, sempre e cando, a vivenda teña a posibilidade de poder realizar compostaxe doméstica (terreo dispoñible) ou ben estea localizada dentro da área de influencia dunha das áreas de compostaxe comunitaria.
- os usuarios de actividades comerciais, poden solicitar cambios na súa modalidade de compostaxe (de individual a contedor marrón de uso exclusivo ou viceversa), unicamente nos casos, de que a actividade dispoña de terreo natural sobre o que localizar a composteiro ou ben dunha zona onde poder gardar o contedor marrón, nas súas instalacións.

6.2 Baixa voluntaria: o usuario que desexe renunciar á calquera das fórmulas de autocompostaxe (doméstica/comunitaria) deberá comunicalo por escrito á Deputación de Ourense, e devolver os materiais cedidos no caso de compostaxe individual. A perda da redución de taxa farase efectiva no período fiscal seguinte.

6.3 Baixa de oficio: a Deputación de Ourense poderá dar de baixa aqueles usuarios que non cumpran as condicións de funcionamento, abandonen o composteiro ou non permitan as inspeccións previstas.

7. Vixencia, contacto e notificacións

Estas condicións terán efecto mentres persista a adhesión voluntaria ao servizo por parte do usuario ou usuaria comercial ou a obrigatoriedade establecida pola Deputación de Ourense, sen prexuízo das revisións periódicas de tarifas e condicións.

Para calquera dúbida, incidencia ou tramitación administrativa, o usuario ou usuaria disporá dos seguintes canais:

De forma presencial, mediante instancia no rexistro xeral da Deputación de Ourense, situada no Pazo Provincial (de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas, e os sábados, en horario de 9 a 13:30 horas) ou ben telematicamente, a través da sede electrónica da mesma, todos os días do ano e a calquera hora.

Igualmente, poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, se algún destes interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para o efecto, en cumprimento do artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Outros aspectos de interese

A Deputación de Ourense, en función dos medios dispoñibles e das prioridades establecidas, implantará o servizo de compostaxe de xeito paulatino, sen que a non dispoñibilidade inmediata nalgúns concellos ou para determinados usuarios supoña discriminación inxustificada.

A formación e sensibilización: recoméndase a participación en accións formativas organizadas pola Deputación ou polos concellos para optimizar o proceso de compostaxe e mellorar a calidade do compós.

A Deputación de Ourense comprométese a tratar os datos persoais dos usuarios conforme á lexislación vixente en materia de protección de datos, empregándoos unicamente para as finalidades derivadas da xestión deste servizo.

Disposicións finais

A adhesión a este servizo implica a aceptación de todas as presentes condicións, así como das contidas na Ordenanza Reguladora do Servizo e na Ordenanza Fiscal vixentes da Deputación de Ourense.

SEGUNDO.- Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG DEMANDANDO O INMEDIATO PAGAMENTO DAS AXUDAS POLOS LUMES 2025 POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA (EXP. Nº 2026/8596F).-

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“Como xa se ten constatado nesta Deputación Provincial, a vaga de lumes do verán do 2025 foi unha das máis devastadoras da historia de Ourense e da Galiza. Os lumes máis graves afectaron ás zonas do Larouco, Chandrexa de Queixa, Oímbra, A Mezquita, Vilariño de Conso ou Maceda, porén estendéronse a practicamente todas as comarcas de Ourense, con consecuencias moi graves que abrigaron a evacuacións de poboación, cortes de comunicacións terrestres, incluíndo estradas e liñas ferroviarias, permanecendo durante días no nivel dous de emerxencia e precisando mesmo da intervención de medios doutras comunidades autónomas, do Estado e de Portugal para facer fronte á situación.

Compre lembrar que foron máis de 118.000 hectáreas calcinadas segundo datos da Xunta de Galiza e máis de 140.000 hectáreas segundo o sistema europeo Copernicus.

Lonxe do relato da Xunta de Galiza, que cualificou estes incendios como "impredecibles", cómpre lembrar que xa no ano 2019 o grupo de expertos de apoio á comisión parlamentaria

sobre incendios forestais (GEPiF), entregou ao Parlamento de Galiza e á Consellaría do Medio Rural un amplo conxunto de recomendacións para transformar o modelo forestal e mellorar a prevención. Arredor do 70% desas recomendacións non foron aplicadas, especialmente todas aquelas relacionadas coa prevención.

Entre as medidas e compromisos anunciados pola Xunta tras a vaga de lumes atopábanse axudas que se abonarían antes de finalizar o 2025 ou que se asumiría a xestión das franxas secundarias nos concellos de menos de 10.000 habitantes.

Así, a través do Decreto 76/2025 regulábanse axudas polos danos causados polos turnes do verán de 2025.

Desde o BNG xa no seu momento cualificamos de insuficientes e moi burocráticas as axudas convocadas.

Así, e segundo datos facilitados por Medio Rural en sede parlamentaria, a Xunta só tiña abonado o 15% das axudas solicitadas por explotacións agrícolas e só se restauraron 6000 ha das que resultaron queimadas, o que ten xerado xa graves consecuencias como na comarca de Valdeorras coas escorrentías de cinsas coas precipitacións que se teñen producido. E o prazo para executar a limpeza das faixas de seguridade nos municipios de menos de 10.000 habitantes remata o día 31 de maio.

Sen que o novo modelo de convenio con SEAGA vaia permitir ter a tempo os traballos de limpeza nas faixas de protección e nos núcleos rurais.

Eses mesmos datos facilitados polo Goberno Galego indican que foran tramitadas un total de 1550 solicitudes de axudas polos danos causados polos lumes do verán 2025. **Das cales 1358 correspóndense con solicitudes de persoas e empresas afectadas nas distintas comarcas de Ourense, especialmente na zona oriental (a máis afectada polos lumes).**

No mes de marzo de 2026 a situación dos expedientes tramitados era a seguinte:

- Solicitudes aprobadas 297 (19 %)
- Solicitudes pagadas 233 (15%)
- Solicitudes en tramitación 1020 (66 %)

É absolutamente incomprendible esta situación de deixadez por parte da Xunta, lago de terse comprometido a efectuar o pagamento antes de rematar o ano 2025.

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a que axilice e faga efectivas as axudas comprometidas coa veciñanza afectada polos lumes.
2. Trasladar de urxencia o presente acordo á Consellaría do Medio Rural”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do BNG (3), do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourenzana (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do Grupo Popular (12), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a que axilice e faga efectivas as axudas comprometidas coa veciñanza afectada polos lumes.
2. Trasladar de urxencia o presente acordo á Consellería de Medio Rural.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR A EQUIDADE TERRITORIAL NOS PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS DA XUNTA DE GALICIA E ADOPTAR MEDIDAS DE CAPTACIÓN DE INVESTIMENTO INDUSTRIAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE (EXP. Nº 2026/8601N).-

A esta moción presentou unha emenda de modificación o Grupo Popular que é rexeitada polo grupo propoñente da moción.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“Ao abeiro da lei autonómica de fomento de implantación de iniciativas empresariais, a Xunta de Galicia creou a figura dos Proxectos Industriais Estratéxicos (PIE), un instrumento que outorga a determinadas iniciativas un carácter prioritario na súa tramitación administrativa. Os PIE reciben preferencia na obtención de solo empresarial, beneficianse dunha tramitación urxente e conxunta por parte da Consellería de Economía e Industria, e acceden a un réxime de colaboración público-privada que facilita a posta en marcha dos investimentos nun tempo sensiblemente menor ao habitual. É, en esencia, o mecanismo máis potente de que dispón a Xunta para decidir onde se sitúan os novos complexos industriais de Galicia e que territorios se benefician do emprego, da innovación e da riqueza a eles asociados. A declaración como PIE non é un trámite neutro: é unha decisión política de primeira orde que configura o mapa industrial da Galicia do vindeiro decenio e que, en boa medida, condiciona a distribución das oportunidades económicas no conxunto do país.

A día de hoxe, a Xunta de Galicia ten declarados 16 Proxectos Industriais Estratéxicos, recollidos no rexistro público da Consellería de Economía e Industria. Trátase dunha carteira de deseños que abrangue sectores tan variados como hidróxeno renovable, bioquímica de base forestal, produción de metanol verde, pneumáticos de alta tecnoloxía, procesamento de produtos do mar, minería do cobre, almacenamento de datos, fabricación de vehículos militares e transformación de biomasa. Segundo declarou a conselleira de Economía e

Industria, María Xesús Lorenzana, no Pleno do Parlamento de Galicia o 26 de marzo de 2025, os investimentos conxuntos previstos superan os 2.200 millóns de euros e estímase a creación de máis de 4.300 postos de traballo entre directos e indirectos. A distribución territorial deses proxectos é, porén, profundamente desequilibrada: máis de doce (12) radican na provincia da Coruña, dous (2) na de Pontevedra e un (1) na de Lugo. Ourense non figura en ningún dos expedientes abertos. Ningunha actuación estratéxica do goberno autonómico en materia industrial contempla a nosa provincia.

A provincia conta con activos reais para atraer ese investimento. O propio goberno autonómico presentou en novembro de 2025 un estudo elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela no que identificou en territorio galego 18 dos 34 minerais considerados críticos pola Unión Europea, cun valor económico estimado de entre 25.000 e 45.000 millóns de euros. Entre os cinco corredores mineralóxicos cartografados, o de Penouta-Forcarei atravesa territorio ourensán e concentra tantalio-niobio —o número 1 da listaxe comunitaria—, litio, estaño e terras raras, cun valor estimado en até 20.000 millóns de euros. A eses recursos mineiros únense o maior polígono industrial de Galicia por superficie en San Cibrao das Viñas, un potencial enerxético hídrico de primeira orde que converte a provincia en exportadora neta de electricidade, a conexión ferroviaria de alta velocidade e a proximidade á fronteira portuguesa como porta ao mercado ibérico. Con ese perfil e as urxencias que temos, que os PIE ignoren por completo a provincia non ten ningunha xustificación territorial nin técnica.

O patrón de exclusión que evidencian os PIE reafirmase coa acción de captación industrial máis recente impulsada polo goberno galego. O presidente Alfonso Rueda viaxou a China en abril de 2026, acompañado pola conselleira de Economía e Industria, co obxectivo de atraer a Galicia a primeira planta europea de produción de vehículos eléctricos do grupo SAIC Motors, matriz da marca MG. Informacións publicadas por medios especializados identifican Ferrol, na provincia da Coruña, como a localización a privilexiar para ese proxecto, que prevé a fabricación de até 120.000 vehículos ao ano. A decisión non está confirmada oficialmente, mais a concentración da acción exterior de captación industrial da Xunta no norte atlántico reproduce o mesmo patrón que os PIE. Ourense é, novamente, un territorio que non figura nos plans industriais do executivo autonómico, a pesar de ser a provincia galega con maiores desequilibrios demográficos e a que máis precisa do tipo de investimento que a Xunta está a canalizar cara a outros territorios.

A Deputación de Ourense é a institución de goberno provincial e, como tal, ten a obriga de velar polos intereses do conxunto da provincia perante as demais administracións. A

ausencia de Ourense nos PIE non é un asunto que afecte exclusivamente á Xunta de Galicia. É un problema que repercute directamente sobre a economía, o emprego e o futuro da veciñanza desta provincia. O grupo de goberno desta Deputación, presidido polo Partido Popular, non ten dado conta de ningunha xestión realizada perante a Xunta para reclamar a inclusión de Ourense na política de Proxectos Industriais Estratéxicos nin en ningún instrumento equivalente de captación de investimento. O silencio da institución provincial ante esta realidade revela, en si mesmo, a súa incapacidade para defender os intereses dos seus representados. A Deputación está obrigada a exercer o seu rol e esixir do goberno autonómico que Ourense non siga pagando o prezo dun modelo de desenvolvemento industrial que a exclúe sistematicamente.

*Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- *Trasladar á Presidencia da Xunta de Galicia a preocupación do Pleno da Deputación de Ourense á ausencia total da provincia nos 16 Proxectos Industriais Estratéxicos declarados polo goberno autonómico, que mobilizarán centos de millóns de euros en investimento industrial e crearán milleiros de postos de traballo sen contemplar ningunha actuación en territorio ourensán, a pesares da situación de emerxencia demográfica e da urxencia de diversificación do seu tecido produtivo. **SEGUNDA.**- Instar á Xunta de Galicia a que incorpore criterios de equidade territorial nos procesos de declaración de novos Proxectos Industriais Estratéxicos, de xeito que a provincia de Ourense acceda a este instrumento en igualdade de condicións coas demais provincias galegas e que as comarcas con maior vulnerabilidade demográfica reciban atención preferente nas políticas de captación de investimento industrial. **TERCEIRA.**- Instar á Xunta de Galicia a que elabore un plan específico, con dotación orzamentaria concreta, para a atracción de investimento industrial estratéxico cara á provincia de Ourense, que identifique os sectores prioritarios de actuación e inclúa accións de prospección activa a cargo do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e da Consellería de Economía e Industria, con atención particular ás comarcas do interior provincial”.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións e sométese a votación a moción que é rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (3), a abstención do BNG (3) e do deputado non adscrito (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

12º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA ÁS DIFICULTADES NO PROCESO DE REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA PARA PERSOAS MIGRANTES (EXP. Nº 2026/8513Q).-

Dª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“A actual regularización extraordinaria aprobada polo Goberno de España está a supoñer unha oportunidade histórica para miles de persoas migrantes que levan anos vivindo, traballando e desenvolvendo a súa vida no noso país e, particularmente, na provincia de Ourense.

Con todo, as primeiras semanas de aplicación do procedemento están a evidenciar importantes carencias, sobre todo dificultades administrativas, territoriais e sociais que ameazan con deixar fora ás persoas máis vulnerables, especialmente en provincias como Ourense.

Desde o Grupo Provincial Popular consideramos necesario facer unha chamada de atención institucional para que a Provincia non quede na marxe deste proceso e para que se estude a adopción de medidas de apoio extraordinario aos municipios e á poboación migrante afectada.

O deseño do procedemento de regularización está a funcionar con maiores facilidades en grandes áreas metropolitanas, onde existen máis oficinas administrativas, maior presenza de ONG especializadas, e máis capacidade técnica municipal.

Con todo, a provincia de Ourense presenta características completamente distintas, como unha forte dispersión poboacional, envellecemento demográfico, municipios rurais pequenos cunha limitada capacidade administrativa, debido a toda a cantidade de servizos que prestan, facendo que moitos migrantes residentes en pequenas localidades dependan case exclusivamente dos servizos permanentes da cidade de Ourense, entidades sociais, ou redes informais de axuda.

Moitos pequenos concellos da provincia non dispoñen de persoal especializado en estranxeiría, carecen de traballadores sociais suficientes ou non teñen experiencia previa en procedementos masivos relacionados con migración, provocando atrasos, desigualdades entre municipios, inseguridade xurídica e exclusión administrativa, facendo que a carga burocrática caia de maneira desproporcionada sobre o servizos sociais municipais e entidades sen ánimo de lucro, coma ONG, asociacións e voluntariado.

Esta regularización afecta especialmente a persoas que xa forman parte da economía local, traballan en sectores esenciais como coidadores de persoas maiores, hostalería, agricultura

ou construción, sostendo unha parte importante da actividade económica da provincia, das que a meirande parte descoñecen o procedemento, non comprenden os requisitos, teñen medo ou carecen de acompañamento administrativo, xerando risco de quedar fóra do proceso por motivos puramente burocráticos.

Somos conscientes de que a poboación migrante contribúe ao mantemento de servizos, sostén actividade económica, axuda a fixar poboación, e cobre necesidades laborais especialmente difíciles de cubrir en determinados sectores. Por iso, facilitar procesos de integración e regularización e unha cuestión humanitaria e tamén económica, territorial, social e estratéxica para o futuro da provincia.

Un dos principais obstáculos detectados nas primeiras semanas do proceso de regularización extraordinaria está a ser o sistema de cita previa presencial, especialmente nas oficinas habilitadas de Correos e da Seguridade Social.

O propio Ministerio de Inclusión recoñeceu que o acceso presencial unicamente realizaríase mediante cita previa obrigatoria e a través dunha rede limitada de oficinas claramente insuficientes habilitadas para todo o Estado, onde o redor de 370 son de Correos, sobre 60 oficinas da Seguridade Social e menos de 10 oficinas específicas de Estranxeiría.

Ademais, o Ministerio confirmou expresamente que as oficinas de Correos seleccionadas corresponden principalmente a capitais de provincia e municipios de máis de 50.000 habitantes, xerando graves desigualdades en provincias con características como a nosa.

Outro dos problemas detectados no proceso de regularización extraordinaria está a ser a obtención do denominado “certificado” ou informe de vulnerabilidade social. Aínda que o propio Ministerio aclarou que este documento non é obrigatorio para todos os solicitantes e que depende de cada suposto concreto, a realidade práctica é que miles de persoas están a solicitalo, creando unha enorme demanda facendo que os servizos sociais municipais sufran moita presión, polo feito de que moitas persoas descoñecen se realmente o necesitan, ou non saben como solicitalo o carecer de acompañamento para preparar a documentación.

En consecuencia, as persoas migrantes residentes en zonas rurais poderían atoparse con maior dificultade para acceder ao proceso de regularización, menores recursos de asesoramento e máis barreiras administrativas que en grandes cidades.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar ao Goberno de España a revisar e flexibilizar os criterios establecidos no proceso de regularización extraordinaria para persoas migrantes, co obxectivo de*

adaptalos á realidade social da provincia de Ourense e garantir a inclusión do maior número posible de persoas.

- 2. Solicitar a ampliación dos prazos establecidos para a presentación de solicitudes, co fin de facilitar que todas as persoas interesadas poidan completar o proceso en condicións de igualdade.*
- 3. Demandar o reforzo inmediato dos servizos públicos encargados da tramitación, mediante a dotación de máis persoal e recursos técnicos suficientes para evitar o colapso actual.*
- 4. Instar ás administracións competentes a mellorar os sistemas de información e acompañamento ás persoas solicitantes, garantindo unha atención adecuada e accesible.*
- 5. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España e aos organismos competentes en materia de inmigración.”*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a revisar e flexibilizar os criterios establecidos no proceso de regularización extraordinaria para persoas migrantes, co obxectivo de adaptalos á realidade social da provincia de Ourense e garantir a inclusión do maior número posible de persoas.
2. Solicitar a ampliación dos prazos establecidos para a presentación de solicitudes, co fin de facilitar que todas as persoas interesadas poidan completar o proceso en condicións de igualdade.
3. Demandar o reforzo inmediato dos servizos públicos encargados da tramitación, mediante a dotación de máis persoal e recursos técnicos suficientes para evitar o colapso actual.
4. Instar ás administracións competentes a mellorar os sistemas de información e acompañamento ás persoas solicitantes, garantindo unha atención adecuada e accesible.
5. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España e aos organismos competentes en materia de inmigración.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN DEFENSA DOS HOSPITAIS COMARCAIS E DA SANIDADE PÚBLICA NO RURAL DA PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2026/8603Z).-

A esta moción o Grupo Popular presentou unha emenda de modificación que é rexeitada polo grupo propoñente da moción.

Dona Eva María Pérez Gamote, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“Os hospitais comarcais son moito máis que infraestruturas sanitarias. Son a garantía de que a cidadanía do rural acceda a unha atención médica próxima e digna, en condicións de igualdade respecto das áreas urbanas. Nunha provincia marcada polo envellecemento demográfico, a dispersión da poboación e as dificultades que a orografía impón para os desprazamentos, da fortaleza ou debilidade destes centros depende a calidade de vida de milleiros de persoas. Esta moción céntrase de xeito particular na situación do Hospital Comarcal de Verín e centros de atención primaria da comarca de Monterrei, sen ignorar que o deterioro alí constatado non é un fenómeno illado, senón a expresión dunha tendencia que afecta tamén ao Hospital Público de Valdeorras e outras instalacións de proximidade en Ourense. Porque cando un hospital comarcal perde especialistas, capacidade diagnóstica e servizos presenciais, o prezo págao a cidadanía máis vulnerable.

As análises máis recentes do Consello de Contas documentan o deterioro estrutural do sistema sanitario público na Área Sanitaria Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. O informe de fiscalización da asistencia con medios alleos, aprobado en abril de 2024, constata que o 35% das intervencións cirúrxicas de traumatoloxía e o 62% dos tratamentos de hemodiálise se atenden en centros privados, cifras que o propio órgano cualifica como contraditorias co principio de subsidiaridade que debe rexer a asistencia con medios alleos. O informe da Conta Xeral do SERGAS do exercicio 2024, aprobado en marzo de 2026, revela que case o 50% do persoal sanitario ten vinculación temporal, que as interinidades medraron un 13% nun só ano e que os créditos iniciais para persoal subestiman o gasto real nun 10%. Estes datos non describen un problema conxuntural: dan conta dun modelo de xestión que renunciou á estabilidade asistencial nos hospitais comarcais.

O Hospital de Verín exemplifica con claridade tal estado de cousas. Desde finais de 2024 o centro non conta con cardiólogo residente, o que provoca demoras alén dos catro meses nas primeiras consultas e superiores a un ano nas revisións, con pacientes, moitos deles de idade avanzada, obrigados a realizar desprazamentos superiores a unha hora ata a capital para probas e seguimentos que deberían poder realizarse no seu centro de referencia. O

servizo de Hospitalización a Domicilio — HADO— leva interrompido desde marzo de 2020, cando comezou a pandemia. Na práctica, a atención vencellada a este servizo —incluída a paliativa domiciliaria— reduciuse a unha consulta semanal de enfermaría para atender arredor de vinte pacientes, sostida polo compromiso persoal dun único facultativo que compatibiliza esta tarefa coa súa actividade ordinaria no hospital. A Unidade da Dor foi trasladada ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, deixando sen atención específica e próxima a pacientes con sufrimento crónico nunha comarca rural e envellecida. Certo que o SERGAS realizou investimentos relevantes na ampliación das urxencias e incorporación de equipamento tecnolóxico, mais estes non substitúen a capacidade asistencial real: un equipamento sen persoal que o utilice non resolve listas de espera e un edificio renovado sen especialistas abondo non garante unha atención digna.

Á situación descrita súmase un deterioro progresivo en múltiples pólas que, segundo trasladan a este Grupo profesionais e pacientes da comarca, está a afectar gravemente á atención cotiá. En especialidades como oftalmoloxía, neuroloxía, uroloxía ou rehabilitación acumúlanse demoras que, en moitos casos, provocan que os especialistas deriven cara aos médicos de atención primaria consultas e valoracións que lles corresponderían a eles, sobrecargando centros de saúde e alongando os tempos de espera para toda a veciñanza. En paralelo, a extensión das E-consultas está relegando a atención presencial en múltiples servizos hospitalarios, de xeito que os médicos de familia xa non poden derivar directamente os seus pacientes a unha consulta co especialista. Esta tendencia, que o SERGAS impulsa como estratexia de xestión, supón na práctica un retroceso na calidade asistencial e na igualdade de acceso ao servizo para a poboación rural.

Certamente, a sanidade é competencia da Xunta de Galicia. Mais esta realidade non pode converterse nunha coartada para o silencio das institucións que representan o territorio. A Deputación de Ourense non xestiona hospitais, mais ten a obriga política e ética de defender os intereses da provincia do seu demarcado. Esta moción non pretende substituír a acción que debe acometerse noutras instancias nin invadir atribucións alleas. Aspira a que a corporación provincial tome posición con claridade na defensa dunha sanidade pública digna para os hospitais comarcais e os centros de atención primaria. Porque cando falamos de acceso á saúde non estamos falando unicamente dunha competencia administrativa: estamos a falar de persoas, e do dereito de todas as mulleres e homes desta provincia a vivir con dignidade, con independencia do lugar onde residan.

*Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Declarar o apoio institucional da Deputación de Ourense na defensa dos hospitais comarcais da provincia como servizos esenciais para a igualdade territorial, e recoñecer publicamente o labor da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Verín e da cidadanía mobilizada na defensa dun hospital público e con servizos reais para a comarca.

SEGUNDA.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a cubrir de maneira inmediata e estable as vacantes de especialistas no Hospital Comarcal de Verín —con mención expresa á praza de cardioloxía, vacante desde finais de 2024— e a substituír a política de contratacións temporais por unha planificación estable dos recursos humanos que garanta a continuidade asistencial.

TERCEIRA.- Solicitar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a recuperación do HADO e da Unidade da Dor no Hospital de Verín, a multiplicación de medidas para a redución urxente das listas de espera nas especialidades con maiores demoras e a reforzar a atención presencial nas consultas externas, de xeito que as E-consultas non substitúan de maneira xeneralizada a atención médica directa.

CUARTA.- Instar á Xunta de Galicia a elaborar e facer público un plan específico de reforzo dos hospitais comarcais galegos que garanta a súa autonomía asistencial, a cobertura estable de especialidades esenciais e a igualdade sanitaria efectiva entre o rural e as áreas urbanas; e requirir do SERGAS e da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras as medidas concretas necesarias para a súa aplicación inmediata.

QUINTA.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a aprobar un plan urxente de reforzo da atención primaria na provincia de Ourense, nomeadamente nas zonas rurais, que garanta unha dotación suficiente e estable de profesionais, a cobertura efectiva de baixas e ausencias e a redución dos tempos de espera para consulta médica, evitando demoras incompatibles cunha atención sanitaria digna e de proximidade”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións e co voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourensana (3) e do deputado non adscrito (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar o apoio institucional da Deputación de Ourense na defensa dos hospitais comarcais da provincia como servizos esenciais para a igualdade territorial, e recoñecer publicamente o labor da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Verín e

da cidadanía mobilizada na defensa dun hospital público e con servizos reais para a comarca.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a cubrir de maneira inmediata e estable as vacantes de especialistas no Hospital Comarcal de Verín —con mención expresa á praza de cardioloxía, vacante desde finais de 2024— e a substituír a política de contratacións temporais por unha planificación estable dos recursos humanos que garanta a continuidade asistencial.

TERCEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a recuperación do HADO e da Unidade da Dor no Hospital de Verín, a multiplicación de medidas para a redución urxente das listas de espera nas especialidades con maiores demoras e a reforzar a atención presencial nas consultas externas, de xeito que as E-consultas non substitúan de maneira xeneralizada a atención médica directa.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia a elaborar e facer público un plan específico de reforzo dos hospitais comarcais galegos que garanta a súa autonomía asistencial, a cobertura estable de especialidades esenciais e a igualdade sanitaria efectiva entre o rural e as áreas urbanas; e requirir do SERGAS e da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras as medidas concretas necesarias para a súa aplicación inmediata.

QUINTA.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a aprobar un plan urxente de reforzo da atención primaria na provincia de Ourense, nomeadamente nas zonas rurais, que garanta unha dotación suficiente e estable de profesionais, a cobertura efectiva de baixas e ausencias e a redución dos tempos de espera para consulta médica, evitando demoras incompatibles cunha atención sanitaria digna e de proximidade.

14º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala declaración previa da súa urxencia, que é aprobada por maioría absoluta co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención de Democracia Ourenzana, tratouse o seguinte asunto:

14ª.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2/2026 DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO INTEGRADO NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DE 2026.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do BNG (3) e de Democracia Ourenzana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 2/2026 do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, do seguinte xeito:

Suplementos de créditos		
Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
136/22606	Servizo, prevención e extinción de incendios. Reunións, conferencias e cursos	125.000,00 €
Total capítulo II do orzamento de gastos		125.000,00 €
136/62200	Servizo, prevención e extinción de incendios. Edificios e outras construcións	30.000,00 €
136/62300	Servizo, prevención e extinción de incendios. Maquinaria, instalacións e utillaxe	89.000,00 €
136/62500	Servizo, prevención e extinción de incendios. Mobiliario	7.000,00 €
136/62900	Servizo, prevención e extinción de incendios. Vestiario EPIS	182.000,00 €
Total capítulo VI do orzamentos de gastos		308.000,00 €

Suplementos de créditos		Financiamento	
Aplicación orzamentaria	Importe	Concepto de ingresos	Importe
Capítulos (varias)	II, VI,	87000	
	433.000,00 €		433.000,00 €
Total	433.000,00 €	Total	433.000,00 €

Créditos extraordinarios		
Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
136/ 22607	Servizo, prevención e extinción de incendios. Oposicións e probas selectivas	33.200,00 €
Total capítulo II do orzamento de gastos		33.200,00 €

A presente modificación que se eleva a **466.200,00 euros** finánciase con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

TOTAL MC 2/2026		Financiamento	
Aplicación orzamentaria	Importe	Concepto de ingresos	Importe
Capítulos II, VI (SC y CE)	466.200,00 €	87000	466.200,00 €
Total	466.200,00 €	Total	466.200,00 €

2º) De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

15º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

1.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de abril de 2026.

Os membros da Corporación quedan informados.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16](#)

E, ás 16.15 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización

da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

```
<iframe width="560" height="315"
src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2026/05/29/Sesion_Plenaria_29-05-
2026/video_202605290955000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer;
autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>
```